

ROSALÍA DE CASTRO

Recompilación de artigos sobre Rosalía de Castro publicados
no semanario *Sermos Galiza* no ano 2013 baixo a promoción
da Sociedade Cultural Medulio de Ferrol



1837-2017

180 aniversario do nacemento de Rosalía

SERMOS GALIZA

Relación de artigos

Un significativo inédito de Rosalía de Castro Francisco Rodríguez	3	1863: contexto literario e político do ano en que Rosalía o mudou todo Celia Armas García	17
Rosalía de Castro: Os ollos que falan Carlos Serantes	5	Rosalía e a restauración do galego escrito no século XIX Xosé Ramón Freixeiro Mato	18
A irrupción da meniña morena María Pilar García Negro	6	«Fai que fai», crítico de Rosalía Xurxo Borrazás	19
Cantares gallegos e a vitalidade do pobo galego Manuel Rei Romeu	7	A ruptura de paradigmas na obra de Rosalía Goretti Sanmartín Rei	20
Un libro, unha patria: Cantares gallegos X. L. Axeitos	8	Rosalía ou o engado da palabra César Morán	21
Amancio Prada na praia da liberdade Carlos Arias	9	Sobre a produción crítica no 150 aniversario dos <i>Cantares gallegos</i> Laura Tato	22
Bastavales abrangue un mundo Kathleen March	10	Da dependencia do San Antonio á liberdade de Santa Margarida Marga do Val	23
O mito de Rosalía Ricardo Carvalho Calero (<i>La Voz de Galicia</i> , domingo, 21 de xaneiro de 1973)	11	Rosalía, soa Suso de Toro	24
Ben podería poñerse de moda regalar discos de Rosalía Xoán Costa	12	Cantares gallegos no nacemento do sistema literario galego Francisco X. Barreiro Carracedo	25
Con Rosalía á escola pola porta grande Mercedes Queixas	13	<i>Cantares Gallegos: luces e sombras en 150 anos</i> Aurora López e Andrés Pociña	26
Rosalía e a AS-PG: música, cinema, ensaio para espallar verdades agachadas Xoán Costa	14	Rosalía de Castro, a liberación das tebras Suplemento «A Fondo» coordinado por Francisco Rodríguez	27
O dereito de nacionalidade: autoestima e defensa da capacidade Marta Dacosta	15		
Cantares para amar a lingua e o pobo Marta Dacosta	16		

Nota editorial

Edita
Sermos Galiza S.A.
CIF A700301510

Enderezo social
Avenida de Lugo 2A, Entresollado A
15702 - Santiago de Compostela

ISSN 2444-9326

www.sermosgaliza.gal

SERMOS
GALIZA

Durante o ano 2013, e no contexto do 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, *Sermos Galiza*, deu a luz, como parte do proxecto Análise e divulgación de *Cantares Gallegos*, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña, un total de 23 páxinas, unha cada semana, recollendo diferentes aspectos da presenza pública de Rosalía e algunhas das iniciativas levadas a cabo durante aquel ano. Tamén, e como complemento daquelas páxinas, publicamos un caderno A Fondo titulado Rosalía de Castro, a liberación das tebras.

En febreiro de 2017, no 180 aniversario do nacemento de Rosalía, ofrecemos novamente aquela publicación, indexada e en formato pdf.

É a pequena contribución de *Sermos Galiza* para seguirmos avanzando no coñecemento de Rosalía.



Francisco Rodríguez
Imaxes: Arquivo

Un significativo inédito de Rosalía de Castro

Desde hai anos sabía que, en *La Soberanía Nacional*, xornal madrileño, aparecera un poema de Rosalía, pois así se indicaba nalgúnhas cartas a Murguía. A miña pescuda rápida na Hemeroteca da Biblioteca Nacional de España, hai catro anos, non dera resultado. Agora, que o xornal está dixitalizado e con acceso na rede, non foi difícil achalo. Efectivamente, no exemplar do catro de xuño de 1866, na primeira páxina aparece "Al Sr. Don Salustiano de Olózaga", asinado por Rosalía Castro de Murguía, até agora inédito. É un poema composto de once orixinais liras-sextinas, destinado a servir de recibimento e salutación ao dirixente progresista Olózaga, que ía visitar a cidade de Santiago, após ter estado na Coruña. Amigo de Murguía e excelente orador parlamentario, seguramente foi escoitado por Rosalía nalgúnha sesión do Congreso ou nalgún acto público, como se desprende do texto. A esta altura o político progresista tiña 61 anos e unha dilatada biografía de combate pola liberdade -incluída a abolición da escravitude-, o progreso e a instauración da democracia parlamentaria, que lle custaran cárcere e exilio. Neste momento estaba xa enfrontado, sen ambigüidades, á monarquía de Isabel II, o que axudaba a esvaer a súa condición social burguesa e os seus intereses económicos, como explotador de viñedos na Rioja, beneficiado da desamortización e inversor nas obras do ferrocarril Tudela-Bilbao. Rosalía ten entón 29 anos e desenvolve unha incansábel actividade literaria e xornalística, de intencionalidade ideolóxica e social, incluído o obxectivo de restaurar unha literatura nacional en lingua galega, participando, da forma que lle é posíbel a unha muller escritora, no debate político. Como se ve, Rosalía vincula a salutación aos intereses e a esperanza de Galiza, con ese sentido tan patriótico que a caracteriza.

Das concretas circunstancias nas que o poema foi orixinado, dos incidentes que rodearon a preparación da visita fanada, informa o propio xornal, con palabras redixidas seguramente por Murguía, por aqueles días en Compostela, antes de transcribir o poema, baixo a epígrafe *O subgobernador e o reitor de Santiago*, texto que ofrecemos, traducido para o galego:

"Temos cartas desta cidade, adicadas a



falarnos destes dous cabaleiros, a quen non temos o gosto de coñecer nin pola fama das medidas de fomento e adianto tomadas polo primeiro, nin polo notorio dos resultados científicos acadados polo segundo.

Os nosos lectores saben que o Sr. Olózaga tiña pensado visitar Santiago, Pontevedra e Vigo, viaxe da que tivo que desistir, por unha causa puramente privada, que o obrigou a regresar á súa casa antes do

que pensaba, e non por ningunha das unha e mil invencións que, segundo nos din, propalaron en Santiago.

Logo que se anunciou nesta poboación a visita do Sr. Olózaga comezaron a se faceren preparativos para o recibir con iguais demostracións que na Coruña e nas demais vilas de Galiza por onde pasou; porén, non ben comezaron os preparativos, comezaron xa tamén os traballos para contraríalos.

O Reitor da Universidade aconsellou aos estudantes que lle foran pedir licenza para xuntárense e felicitaren Olózaga, que non o fixesen, e din que fixo o posíbel para estorbar os obsequios que se dispuñan.

Os artesáns pedíronlle á Sra. Murguía un versos para repartilos impresos á chegada do Sr. Olózaga; o subgobernador, cuxo nome sentimos non poder estampar, para non privalo da gloria que acadou, negouse a pór o selo da oficina na proba dos versos, por razóns que non somos quen de comprender, e se, ao cabo, dou licenza de palabra, non se conseguiu que autorizase a proba.

Para que se xulgue do alto criterio do subgobernador en Santiago, inserimos a continuación os versos obxecto do seu desagrado (ver o poema tal e como o reproducimos na páxina 25 deste *Sermos Galiza*).

A seguir do poema, que naturalmente respectamos na súa versión orixinal en castelán, continúa: "Após as novas que nos dan do subgobernador e o reitor de Santiago, sentimos dobremente a imposibilidade en que o noso amigo se viu de ir a Santiago: teríamos tido un gosto especial en que o Sr. Olózaga puidese apreciar se o subgobernador é tan forte en administración como en literatura, e se o reitor é tan coidadoso da ensinanza dos escolares como de prescribirlles o que han facer ou deixar de facer fóra da universidade. A cousa é tanto máis sensíbel, canto que, segundo nos din, Santiago tería feito ao Sr. Olózaga unha acollida tanto ou máis entusiasta que A Coruña, deixando os esforzos do subgobernador e o reitor reducidos a un mérito, non afortunado, para inscrito na súa folla de servizos a quen manda".

Francisco Rodríguez é autor da primeira tese de doutoramento sobre Rosalía de Castro nunha universidade galega. A súa máis recente obra arredor da autora é 'Rosalía de Castro. Estranxeira na súa patria', editado pola AS-PG

AL SR. D. SALUSTIANO DE OLÓZAGA

*Señor, no me conoceis,
Mas porque yo os conocí,
Aunque quien soy no sabeis,
Sabed que sola para mi
Recuerdo de sagradas armonías,
Dulce esperanza de mejores días.*

*Jamás la grata memoria
De vuestra voz llena y fuerte,
Que llama en torno la gloria,
Que los peligros advierte
Y derriba potente al enemigo,
Dejará nunca de existir conmigo.*

*Al escucharos, mi pecho
Se conmovió en lo profundo,
Pues vi, rodando deshecho
De iniquidades un mundo
Al soplo audaz de vuestro genio ardiente
Fecundo sol, inagotable fuente.*

*Sentí lo que siente el alma
Cuando cansada y rendida
Recobra la dulce calma
Que un tiempo lloró perdida:
Y os contemplé en la senda del progreso,
Astro que brilla en su pureza ileso.*

*Y bien, señor, la fortuna
Hoy quiere que ese astro bello
Brille donde no hay ninguna
Luz igual a su destello.
Hoy a Galicia...al pueblo que me ha dado,
Llega aquel que en silencio he proclamado.*

*¿Callarme?...no, aunque quisiera,
Que es grande el contento mío,
Y acaso más fácil fuera
Torcer el cauce de un río.
¿Por qué callar? ¿Es crimen, por ventura,
Cantar el bien...amar quien lo procura?*

*La ciudad santa que un día
Vió reyes peregrinando,
Te abre sus brazos, sombría,
Pero amorosa, y clamando
Llena de ardor, y de entusiasmo loca,
La alientes con palabras de tu boca.*

*Ellas son fuerte semilla,
Que brota doquiera cae.
Vigorosa, aunque sencilla,*

*Siempre harta cosecha trae.
Y es Galicia, en verdad, tierra fecunda,
Donde lo santo y generoso abunda.*

*No la olvideis, pues, señor,
Que ella no sabe olvidar;
Solo aprendió en su dolor,
A padecer y a esperar.
Ayudadle a que cumpla esa esperanza,
Y ella os dará su amor y su alabanza.*

*Entre el rumor de victoria
Que a tu paso rueda y crece;
Entre el incienso y la gloria
Que justo el mundo te ofrece,
Sé que es mi canto brisa fugitiva,
Que pasa y no se siente, o que se olvida.*

*O como fuente ignorada
Que silenciosa murmura...
Mas no por ser tan callada,
deja de ser fresca y pura...
Así la musa que inspiró este canto...
Humilde, sí, mas llena de amor santo.*

Reproducción literal do texto, *La Soberanía Nacional*, luns, 4 de xuño de 1866, primeira e segunda páxina



150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.




Carlos Serantes
Imaxe: Arquivo histórico

Rosalía de Castro: Os ollos que falan

Tal é o título do concerto que, baseado en once cantares de Rosalía de Castro, vai ofrecer o grupo Tempo Catro no FESTIGAL o día 25 a partir das 17 horas. É o resultado dunha proposta que lles foi feita pola *Asociación Socio-Pedagóxica Galega*, a través da Sociedade Cultural Medulio de Ferrol, a dous profesores do Conservatorio desta cidade, Suso Iglesias (acordeón) e Andrés Pazos (piano), que xa participaron, coa súa creatividade musical, no espectáculo *Cabaret Ferreiro*, fundamentado en poemas de Celso Emilio, do Grupo de Teatro da devandita Sociedade. A proposta de musicar poemas de *Cantares Gallegos* foi acollida con entusiasmo polo grupo Tempo Catro do que, alén de Suso e Andrés, forman parte Antonio Romero (contrabaixo), con ampla experiencia pedagóxica e orquestral, Javi Cedrón (violín), profesor do Conservatorio da Coruña, e para esta ocasión Pablo Salgueiro (udú, caixón peruano, pratos suspendidos e pandeiro), do Conservatorio de Ferrol. A voz pona Begoña Lorenzo, natural de Rodeiro, cunha ampla experiencia como cantante de música tradicional galega e portuguesa e doutros pobos e tradicións. O que foi un proxecto, deseñado e promovido pola AS-PG, coa colaboración de Medulio, para espallar popularmente os Cantares de Rosalía e polos en valor, nas actuais circunstancias, é xa unha realidade.

Falamos con todos os membros do grupo do traballo realizado até agora, do que significou esta experiencia na súa traxectoria musical, e de Rosalía de Castro. Begoña Lorenzo considera unha tarefa de especial responsabilidade a que asumiu. Dinos que o que canta son letras escritas por unha muller que sentía como tal, en certa maneira toda unha institución hoxe; síntese obrigada a pórse no seu papel, que non era o estereotipado, triste e chorón, morriñento. "É alegre, profunda, intelixente e actual", subliña con rostro despexado. E advirtenos: "Fixen un exercicio de lectura íntegra dos poemas, porque, se non, pódense cantar, mais non interpretar"

Aínda que nos músicos do grupo domina a formación e execución de música clásica, todos teñen, en maior ou menor medida, algunha vinculación coa tradicional galega, co tango, o jazz, a música brasileira... e están interesados en proxectos de investigación e pedagóxicos, dos que esta nova experiencia formará parte. Suso Iglesias (acordeón) lembra a súa estada na Arxentina para estudar a fusión de estilos que facía Astor Piazzolla (Novo



Tango), e a súa colaboración con músicos e cantantes de raíz galega. Para el, como para Andrés Pazos (piano), asumir Rosalía de Castro é un reto e unha oportunidade. Andrés asegura que, no seu caso, foi moi motivador, "necesitaba facer algo novo, foi unha vía de escape". Ambos os dous ficaron sorprendidos porque non eran conscientes do importante papel do amor, do

desamor, da parella, dun erotismo e sexualidade nada convencionais, da ironía, da retranca, en *Cantares*. Andrés (piano) alude á imaxe da súa EXB (paisaxismo e algo de problema social), como Suso (acordeón) reconece que, no seu primeiro contacto no Colexio, non lle gustara moito *Follas Novas*. Agora afirma rotundo que *Cantares Gallegos* é un tesouro, pola magnitude do seu contido. Un e outro, autores da música dos poemas, explican que aproveitaron moitas tradicións diversas e ritmos reconecidos: valse, fado, salsa, mazurca, xota, pasodobre. "Condicionoume máis o poema para facer a música que ao revés", aclara Suso. "Nin nos poemas máis tristes quixen recorrer á música en modo menor, e non por iso resultou superficial", afirma Andrés. Os dous teñen o propósito de ampliar o repertorio, porque Rosalía é unha mina de onde extraer recursos e traballar de cara ao directo. Rosalía é tan musical que ela mesma xa indica: "vai por aí". Begoña engade: "Agora sempre a vou mirar cantada".

Reto e ilusión foi o que representa este traballo tamén para Antonio Romero (contrabaixo). Está moi satisfeito e gustoso das diferenzas musicais logradas entre os poemas. Confesa que lle gorentan especialmente os que teñen un carácter máis retranqueiro. A musicación logrou buscarlles un carácter específico que, de non facela, non o tería tan presente, como agora. Antonio acredita en que a música é un vehículo de expresión para a lingua, para a nosa cultura e para o país en xeral. Para Javi Cedrón (violín), cunha traxectoria de mestura entre o académico e a música libre e popular, a experiencia é novidosa en canto o espectáculo se fundamenta no traballo literario dunha autora como Rosalía: "Agora teño maior conciencia da súa obra e sinto orgullo e ledicia por poder conectar con ela por enriba do tempo, malia terme que mergullar máis noutros temas e poemas dela". Finalmente, Pablo Salgueiro (udú, caixón peruano, pandeiro...), cuxos primeiros pasos foron na Banda de Valadares, colabora neste traballo procurando unha tímbrica distinta. De formación totalmente clásica, esta foi unha oportunidade para el de "compor ou idear a parte de percusión e pasar a unha música máis jazzística". Sobre a obra de Rosalía cavila: "Coñecemos pouco ou case nada o seu traballo, polo menos no meu caso (...) pareceume tristísimo (...) este proxecto axudoume moitísimo xa que antes de comezar os ensaios comecei a ler as súas poesías".

Tempo Catro estrea no Festigal un disco baseado en poemas de Cantares Gallegos

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



María Pilar García Negro
Imaxe: Arquivo histórico

A irrupción da *meniña morena*

O 2 de Xullo de 1861 celébranse na Coruña os Xogos Florais patrocinados por don José Pascual López Cortón, "amante de las letras y de los adelantos de Galicia su patria". Un ano despois, este mesmo mecenas costea a publicación dos poemas premiados, acompañados dun amplo Mosaico Poético representativo de "nuestros vates gallegos contemporáneos". Os Xogos marcan, de certo, un fito na historia contemporánea da Galiza. Celébranse na súa, daquela, capital, sede de institucións civís e militares da máis rancia española. Nomes como os de Francisco Anón, Luís Rodríguez Seoane, Vicetto, Vázquez Queipo, Juan Manuel Paz... resultan premiados: son amigos, compañeiros de filas de Murguía e Rosalía. O volume, de 800 páxinas, está ocupado, na súa maior parte, polas composicións do Mosaico Poético a que nos referimos, encomendado a Antonio de la Iglesia na súa selección e integrado por case 200 poesías.

Con esta colectánea poética, cabe practicar varias escolmas, con varios puntos de intersección: a divisoria do idioma (galego ou castellano); a de xénero (homes-mulleres); a ideolóxica (as composicións decididamente vocacionadas a unha defensa da Galiza / as áulicas, que se ocupan, por exemplo, de gabar a raíña Isabel e a seu fillo Alfonso, ambos de visita en Ferrol); significativa fotografía da Galiza intelectual-política da segunda metade do XIX, con moitas preguntas abertas verbo do seu futuro: cal había de ser a literatura galega?, a Galiza debía seguir a implorar a atención de Madrid e os seus gobernantes ou clamar por si propia?; e, aínda: a que debía servir a literatura ou ben que contidos se deberían asociar á lingua galega? Velaí o debate subxacente en que se produce a irrupción dunha escritora chamada Rosalía de Castro.

Subliñamos o substantivo, porque a presenza rosaliana, con seis poemas, racha todos os esquemas. Das varias liñas comparatistas, escolleremos só unha: as asinaturas femininas que, en número nada despreciable, aparecen na colección. A só lectura dos títulos das composicións xa nos dará unha idea do seu teor. Elvira Luna comparece con tres: "En la playa de Villagarcía", "El canto del pescador" e "La tempestad". Emilia Calé, con dúas: "Las siete palabras" e "Al señor don José Pascual López Cortón". Manuela Cambroneiro: "Rojana y el ruiñeñor". Elisa Lestache: "A la luna" e "La flor de la amistad". Concepción Arenal: "El proyectista". Ramona Simán: "A Jehová" e "Amor". Amadora Ta-



pia: "Una noche oscura". Vaimos agora coas composicións de Rosalía. "¡Mi madre!", asinada no 24 de Xullo de 1862 (xusto un mes após a morte dela), integrárase, un ano despois, no volume *A mi madre*. As outras cinco pasarán a *Cantares gallegos*. Eis os seus títulos: "Adiós que eu voume";

A presenza rosaliana, con seis poemas, racha todos os esquemas

"Castilla"; "O caravel negro"; "A romaría da Barca"; "¡Terra, a miñal!" (na 2ª edición, correspóndense respectivamente cos numerados como 15, 28, 10, 6 e 17, e non levan título). Afirmamos, sen dúbida, que este quinteto poético é a sinopse temática do futuro *Cantares*... En comparación *horizontal*, sincrónica, o contributo rosaliano resulta explosivo. Vexamos por que:

R. É a autora de quen máis composicións se recollen.

O. É a única que escribe en galego.

S. É a única escritora (non só "poetisa"); publicara, con anterioridade, *La Flor* (1857); "Lieders" (1858); *La hija del mar* (1859); *Flavio* (1861): poesía, ensaio feminista, dúas novelas. Sen estes antecedentes, non se entenden os CG.

A. É a única das autoras (e de boa parte do total) *cos pés na terra*, isto é, a única que ousa facer crónica en tempo real do seu país e das súas xentes: o povo, clase social epónima da Galiza. A única en compor ese magnífico filme da festa galega, cheo de beleza e graza.

L. É, por suposto, a única que se ocupa de elevar a subxectividade feminina magoada pola emigración, vivida na súa carne ou padecida na morte do mozo. É a única en dar voz á mágoa masculina do emigrante a partir da matriz da inconmensurable marxinação feminina.

Í. É a única, excepcional en todos os sentidos, que se atreve a retratar o ofensor ("Castilla": reparemos no directo e inequívoco título do poema que será, no libro, "Castellanos de Castilla"): a vítima maiúscula ergue por primeira vez a súa voz indignada contra o desprezo e maltrato dos galegos emigrados en Castilla e bóttalles a súa maldición.

A. É a primeira, e única, que se ocupa de debuxar psicoloxicamente o desacordo amoroso na parella mozo-moza: "O caravel negro" ("Quixente tanto, meniña", na versión en CG) reflicte cabalmente a pasaxe da cantiga de amor á de maldizer, ambas na mesma voz masculina, unha vez que acusa de traizón á rapaza (síntese perfeita da entraña de ambas pulsións, só en aparente contrarias: o culto á Virxe María, a idealización do amor cortés, son simultáneos á profusión de literatura misóxina en bruto).

Cabe máis acumulación de rupturas revolucionarias? Proclamarmos a excepcionalidade de Rosalía de Castro non é ditirambo rotineiro: é exacto en todos os seus termos. ♡

150 ANOS DE
CANTARES GALLEGOS

Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Cantares gallegos e a vitalidade do pobo galego

Manuel Rei Romeu
Ilustración: Romarúa,
de Álvarez de Sotomayor

Persiste aínda na sociedade en que vivimos a imaxe dunha Rosalía triste, chorona e morriñenta. A mesma imaxe estereotipada e tópica coa que nos queren identificar como pobo. A imaxe que se vende de nós mesmos dentro e fóra das nosas fronteiras. Malia que os estudos críticos máis recentes teñen avanzado moito na reparación da imaxe real da nosa escritora, son moitos os alumnos e colegas do ensino (só por mencionar o ámbito en que máis nos movemos) que aínda non recoñecen a Rosalía patriótica, rebelde, transgresora, culta...

Incidindo en dita imaxe de fado pesimista ou de misterio nebuloso, puidemos ver hai pouco, con certo asombro pola nosa parte, como se facía soar unha interpretación da Negra Sombra nos actos civís en homenaxe ás vítimas do accidente ferroviario de Angrois. A identificación co sombrizo e calamitoso!

Con certeza non é esa a imaxe que a autora quería ofrecer nin a que se desprende dunha lectura atenta dos seus textos. Se repararmos en *Cantares gallegos*, en liñas xerais, nada encontramos que confirme unha visión morriñenta do pobo galego. Todo o contrario. Rosalía pretende amosarnos todos os sinais de vitalidade dun pobo que aspira a vivir en condicións dignas. Así o explícita a autora no Prólogo do libro e na declaración inicial posta en boca da meniña gaiteira, que ha de cantar *"con dulce alegría"*, *"trocando en sonrisas queixiñas e choros"*.

En primeiro lugar, para a corrente de pensamento en que se insire a autora, non pasa inadvertido que a forza e a vitalidade do pobo reside na lingua... (*"na lingua que eu falo"*). Un pobo como o galego vai ser forte mentres manteña con afouteza a lingua de seu. Comparte con Murguía a idea de que o abandono dela implica a dexeneración e morte dese pobo.

Todas as demais mostras fanse ostensíbeis nos cantos acompañados dos instrumentos nacionais, nos manxares que se cociñan nas propias casas labregas, na regalía das froitas autóctonas, no colorido das roupaxes, que compite cos elementos definitorios da natureza (augas, vales, montañas, árbores, paxariños...), na ledicia e bulir das romarías, na laboriosidade das mulleres, na cordialidade dos costumes máis diversos, no garular cos animais domésticos, no erotismo latente, que é amor á vida, e en tanto e tantos indicios.

Curiosamente, un dos poemas máis extensos, Nosa Señora da Barca, oférécenos



un cadro humano de gran plasticidade da romaría popular de Muxía, con vontade de recrear a totalidade representativa da Galiza mariñeira. Unha prolongación desa imaxe vital reitérase na composición Si a vernos, Marica, nantronte viñeras, que recrea a *"festa do Seixo na beira do mar"* nun momento de clímax máximo. O ambiente relaxado, a rexouba, as risas, o canto, a comida, a bebida, as loitas sen agresión... ofrecen tamén un cadro dionisiaco, sensual e orxiástico, onde se mesturan todos, ricos e pobres. O exceso é provocador de certa irreverencia á santa. Semella que a relixiosidade popular non priva de levar a diversión ao límite de estaren *"Todiños peneques... I a nosa señora detrás do tonel"*.

Mais Rosalía nos Cantares non transmite unha visión amábel, bucólica, tépeda e compracente. Iso sería unha mistificación da realidade en que vivía! O optimismo vital dunha moza duns vinte e cinco anos atempérase coa consciencia crítica dos males que fan sufrir o seu pobo: *"a veces por fora un*

canta/mentras que por dentro un chora". Con grande lucidez, identifica a base material e produtiva definitoria do país (o mundo labrego e mariñeiro) e pon a súa voz poética ao servizo da causa da clase social representativa da nación. Desbotando imaxes tópicas de desprezo, nas que tanto incidiu a galegofobia estendida por todo o Estado, participa da idea de que o pobo galego é un pobo traballador. A vitalidade tamén reside na actitude reivindicativa. En boa lóxica, séntese obrigada a denunciar as situacións que desangran, escravizan e merman o importante potencial demográfico, a forza de traballo transformadora coa que contaba a Galiza daquel entón. As denuncias sen paliativo das levas militares, da emigración temporeira a Castela ou a países de ultramar son nota dominante ou transversal na mensaxe social do libro. Fanse desde a óptica da pluralidade coral das recreacións dos dramas humanos, das sentidas mágoas de protagonistas femininas e masculinos. Os dramas individuais son a expresión latente dun fenóme-

no colectivo que acabou deixando tocada a Galiza. Necesariamente, cara ao remate do libro, Rosalía ergue o dedo acusador contra a opresión exercida desde o Estado español. O afervoado amor a Galiza, do que é produto o libro, tal e como indicara o propio Murguía, adquire expresión nidia e vigorosa na reivindicación política da que quere facerse partícipes aos destinatarios que conformaron a materia prima literaria.

Para Rosalía non semella posíbel concibir unha entidade de seu como o pobo galego, supeditada a outra "superior", o pobo español, tal e como reflicte a Constitución española actual. Pois é un feito incontrovertíbel a incompatibilidade de confiar na bondade de quen está a causar todos os males que se denuncian.

As proclamas políticas máis explícitas non precisan reiterarse, son contundentes e preséntanse como corolario da situación denunciada: *"Pobre Galicia, non debes/chamarte nunca española,/ que España de ti se olvida/ cando eres, laí!, tan hermosa"*. ♡

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.





X.L. Axeitos
Imaxe: F. Rosalía de Castro

Un libro, unha patria: Cantares gallegos

Moi poucas culturas poderán dicir con máis autoridade, singularizando aquilo de que a mellor definición de patria é unha biblioteca, que un libro, *Cantares Gallegos* de Rosalía, é a nosa esencia fundacional como nación. Esta é a razón pola que o achado dun exemplar da primeira edición desta obra foi celebrado con entusiasmo nos medios de comunicación e este obxecto humilde, un libro, indefenso, en rústica, de tamaño convencional, en oitavo, sometido durante cento cincuenta anos a mil perigos –as mans inexpertas, os bibliómanos, as humidades, o lume, a intemperie, en fin– convértese no fetiche dunha exposición.

Aínda sabedora a Fundación Rosalía de que os produtos do espírito non fan ferver os potes, acometeu a adquisición desta peza única por varios motivos: en primeiro lugar, porque a dedicatoria singulariza o libro e crea unha relación inseparable entre este e a persoa que o posúe. Mesmo se considera unha deslealdade posuír un libro con dedicatoria allea, situación que favoreceu a recuperación de valiosísimos exemplares procedentes de expolios e outras barbaries; o escritor mexicano Valle-Arizpe, cónctanos Alfonso Reyes, atopou en París un exemplar dunha súa obra dedicado a un amigo. Mércalo e remíttello con nova dedicatoria: "con renovado afecto". Non nos sentiríamos na obriga de xustificar a posesión dun libro de Luís Seoane cun dos seus debuxos *subitáneos* e cunha dedicatoria na folia de cortesía a un seu amigo?

Pero este libro que nos ocupa, ademais da orixinal dedicatoria autógrafa de Rosalía, ten un altísimo valor documental pola confianza dunha carta inédita e a valoración da mesma por parte do posuidor do libro, Ramón Segade Campoamor, que se poden ler ámbalas dúas na web da Fundación Rosalía. A autora da carta, a escritora Cecilia Böhl de Faber, estaba na data da misiva, 24 de xaneiro de 1864, no cumio da súa fortuna literaria en España. E desde esa elevada perspectiva quere dar consolo a Rosalía, destinataria da misiva, advertíndoa contra do "indeferentismo literario de nuestra época". Probablemente sexa esta afirmación de Fernán Caballero a que xustifique en gran parte o escrito de Segade, amigo do matrimonio Rosalía-Murguía. En efecto este fai transcribir, ofendido, a carta da escritora costumista porque a considera como un aval de calidade artística fronte dos silencios dos escritores galegos. Son inequívocas as palabras finais da nota de Segade: "¡Válgale esto de compensación al abandono en que la tienen sus paisanos!"



Esta sensación de menosprezo está avallada por una "Epístola bibliográfica", inédita, que o maxistrado José Domínguez Izquierdo, natural de Cordeiro (Valga) envía para a súa publicación en "El Miño" a Juan

Compañel con data 21 de setembro de 1863. O combativo liberal de Valga, amigo tamén do matrimonio, lamenta que Rosalía non figure no diccionario de escritores que Murguía está publicando por entregas, "ese

padrón del honor galiciano". Nesta mesma liña está a advertencia de Juan Manuel Paz a Murguía: "Y que esté tranquila [Rosalía] y no haga caso de los Zoilos."

Para maior agravio Víctor López Seoane, chega a queixarse do prezo do libro, 16 reais, dabondo xustificando pola difícil situación económica pola que estaba atravesando a familia. Cesado Murguía en Madrid como corresponsal do periódico *La Crónica* de New York, consegue un número aceptable de subscritores para o seu diccionario de escritores, posibles compradores de *Cantares Gallegos*. Malia ter certa xustificación a queixa de López Seoane – a gramática de Mirás tiña un prezo de 10 reais, o Do Porto vendíase a 8 rs. e o Cornide sobre a pesca da sardiña a 14- caía enriba dun silencio inexplicable arredor do libro.

Tanto Segade Campoamor como Domínguez Izquierdo forman parte da burguesía ilustrada e intelectual do noso país, ambos amigos do matrimonio. Adoitan coincidir nos balnearios de Cuntis e Caldas, intercambiar información bibliográfica, colaborar en publicacións periódicas, adentrarse no mundo da novela por entregas e, sendo de Santiago ou vivindo na capital, frecuentaban a "Sociedad Económica de Amigos del País".

A extensa rede epistolar que se tece entre os diferentes membros desta burguesía certifica a existencia de tertulias na casa de Rosalía coincidindo coa estancia de Murguía en Madrid ao menos en dúas épocas: nos anos 63-64 cando é corresponsal de *La Crónica* e vive en Madrid e cando se traslada á capital do Estado para dirixir, en 1879, *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Sabemos que frecuentaban a casa de Rosalía, entre outros, José Domínguez, Segade Campoamor, Alfredo Vicenti, Juan Sanmartín, Modesto Brocos, Luís Rodríguez Seoane, Máximo Leyes, etc.

Todos admiraban a Rosalía porque coñecían a súa obra e o profundo amor por Galicia que a inspiraba e deixaron constancia deste respecto intelectual dedicándolle un sentido poema, caso de Rodríguez Seoane ou realizando un magnífico retrato, caso do gran artista Modesto

Brocos, que chegou a desprazarse varias veces a Lestrobe con este fin.

Neste selecto grupo de ilustrados estaba instalada a idea da marxinación inxusta que estaba a padecer a obra de Rosalía. Segade, con espírito notarial, deixa constancia deste sentimento compartido.

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medullo e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Carlos Arias
Imaxe: SG

Amancio Prada na praia da liberdade

1863 soa lonxe, pero o nome de Rosalía creo que lle resulta próximo a boa parte da humanidade. A súa palabra acada horizontes inmensos, seis réximes políticos máis tarde, e forma parte dos ecos populares da cultura, aquí e fóra, até o punto de que nos parece natural que un acento alleo traia algunha das súas pasaxes, ou que, noutro nivel, a súa obra interesase figuras coma Antonio Machado, Eugénio de Andrade ou García Lorca, por poñer algún exemplo ben coñecido. A data de 1863, co 17 de maio na dedicatoria a Fernán Caballero, parece mexerse libre da ferruxe que o tempo deitou noutras manifestacións humanas.

1975 ten o sopro dun momento no que as pantasma mudaban as sabas, aínda que nos quedase moito traballo por asumir; xurdía o lampexo dos novos eidos para a liberdade, e só a nós nos correspondería pór coidado en que as novas posibilidades, devecidas durante décadas, florecesen na expresión da nosa vontade. E, a canda coas novas arelas, agromaba tamén unha música con outra dimensión creativa, que se espallou decontado, e da que sobreviven saudades, lembranzas de utopías e algunha gravación mítica.

Nese punto conflúen *Cantares gallegos*, a obra fundacional da nosa literatura contemporánea, Amancio Prada e unha nova dimensión da nosa identidade. Con *Rosalía de Castro*, o sutilísimo cantor berciano levou poemas daquel libro revolucionario a todos os recantos de Galicia, e a lugares insospeitados do exterior. A voz e a guitarra do gran creador e o cello de Eduardo Gattinoni centraban a atención, cando soaban os vellos LP, ou cando as cintas de casete facían circular as copias nas xuntanzas dos que daquela –inocencia adolescente– criamos trocar o mundo.

Tamén escoitabamos as ‘Campanas de bastabales’ en briosos esforzos para reproducir coas nosas voces e con algunha guitarra temeraria aquela xoia que nos apresuramos a tomar en propiedade. Ficabamos lonxe, pero creo que unha parte importante da maxia seguía alá, coa potencia do verso, a forza dos ritmos, e algo da simbiose que acadara o noso referente con aqueles poemas centenarios, cos que encontramos estancias máis ca dignas para amores extraviados e para o heroísmo frustrado. Na madurez sentimos o pracer que nos acompañaba, e pagou a pena.

Esta calor do espírito acompañounos cando a nosa traxectoria vital se achegaba ás praias, e alá, arredor do lume, pasaban as horas, até que o mencer nos revelaba a escuma das rompentes, e o sono nos devolvía a unha tregua diurna, logo de repetir incansablemente os cantares, sen sabermos aínda a que libro pertencían, nin termos unha concepción clara da dimensión da obra rosaliana, malia estarmos xa abducidos por ela, postos por Amancio Prada no cachón cada vez máis intenso daquela muller expresión da liberdade, a quen o don da palabra lle confire a condición de inmortal.

Pero, amais de nos transmitir esa maxia, creo que unha parte decisiva do impulso que lle deu este neomístico a *Cantares gallegos* está na súa propia evolución. En *Vida e morte* aparecía xa un excelente anticipo, pero, quizais pola catarreira que



el mesmo nos revela, ou pola inseguridade do novato, aínda non acadara o punto maxistral do seu seguinte traballo, aparecido cando contaba vinte e seis anos, e que seguiría a evolucionar ao longo dunha discografía na que case cada un dos títulos xustifica a consideración de mestre, pola modulación da voz, pola instrumentación e polo coidado do detalle, coma se se tratase dun legado definitivo.

Con ese sangue creador aparecería *Rosas a Rosalía* (1997), onde demostra que o seu talento pode darlle unha nova dimensión á simbiose atemporal lograda, esta vez cun alarde de recursos difícil de igualar. A frescura telúrica das pandeireteiras de Baio, os harmónicos miríficos de voces coma a de María del Mar Bonet, María Dolores Pradera, Amélia Monge, Martirio ou Ginesa Ortega, amais da beleza recitativa de Núrria Espert e de Marisa Paredes, xuntábanse co acompañamento orquestral da Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave, para un froito de grandeza singular,

que podería devolvernollos a degustacións similares á de Ero de Armenteira.

Para Galicia, a achega de Amancio Prada significou un paso increíble. A nosa capacidade expresiva lograba un recoñecemento masivo, e, desde aquel *Rosalía de Castro*, a perspectiva sobre a nosa lírica cambiaba radicalmente: xa ía moito máis alá dos gustadores exquisitos, ou dos simples repetidores de versos soltos, para se facer unha evidencia ao alcance de calquera persoa con sensibilidade para as manifestacións do espírito. Doce anos separaban a aparición do disco da conmemoración do centenario de *Cantares gallegos*, e as nosas letras, que só levaban esas doce edicións da súa festa, tiñan un novo e excepcional apoio, para acadaren no inconsciente colectivo a condición de transmisoras de valores milenarios, que tamén pertencen ao futuro. Traiamos riqueza ao mundo, con aquela voz excepcional que revelaba a nova lectura de Rosalía, co seu sopro máxico de eternidade. ♡

1975 ten o sopro dun momento no que as pantasma mudaban as sabas, aínda que nos quedase moito traballo por asumir; xurdía o lampexo dos novos eidos para a liberdade

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Kathleen March
Imaxe: SG

Bastavales abrangue un mundo

*Oh bells of Bastavales
when I hear you chime
I'm so lonely I could die.*

Andaba eu a matinar encol da figura de Rosalía e no impacto que tiveron os *Cantares Gallegos* nos seus lectores. O tema non é nada novo, xa que son 150 anos dende a publicación do libro, mais neste caso o impacto que procuraba comprender era o que tivo, e ten, n@s estranxeir@s na patria rosaliana. Os cantares son galegos, con lugares, paisaxe e personaxes da Galiza e para os galegos forman parte dunhas lembranzas partilladas ao longo dos séculos. Galiza, no espello de Rosalía. Até aquí vai o máis que evidente. Con todo, hai cousas que @s galeg@s non poderán xulgar por mor da súa ollada construída, nada, no que chamaría a escritora o "verde ácido" dunha realidade galega ao mesmo tempo ceibe e escrava.

Logo, que valor teñen os cantares desta escritora para os non-galegos? Aínda non cheguei ás catro décadas destas terras literarias e fomentas de soberanía, mais os anos, como as pedras, os liques, a chuva, xa amosaron algo. Un dos primeiros lugares que coñecín nos anos 70 foi Bastavales e - loxicamente - uns dos primeiros versos da autora que escoitei foron os do val da Amaía. Xa daquela saían da boca de dúas xeracións, dúas persoas, nai e fillo. E deles saían o mesmo calado ollar para as lonxanías arredor de San Xulián. Non podía saber eu que me agardaban decenas de visitas a Bastavales, nunca menos dunha hora, sempre co mesmo silencio. E coa mesma soidade que deixaron os cantares anónimos no ar.

A soidade de Rosalía? Se cadra, poderíasse chamar iso. Xa que logo, tamén os versos do poema eran semente e a semente agromou primeiro, despois medrou, en sucros que eran máis do que espazos en branco. E é que, para as persoas que o contemplan de vagar, o val sabe encherse de lembranzas propias, imaxes de diversos momentos do ano, de sol e chuva. O val poderíamos dicir que é unha leira, como xa escoitara eu nos 70 que era toda Galiza. Tamén nalgún momento Bastavales fíxose toda Galiza. Sería por mor dun poema só?

Non dubidemos. Rosalía, abofé, soubo escribir patria, como suxire no derradeiro poema dos *Cantares* ("si *grasia en cantar non teño/o amor da patria me afoga*") E soubo destilar o concepto da terra galega tan perfectamente que deixaba a porta aberta aos non nados alí. Acho que é por-



que sentía o vencello entre terra e humano e como a terra determina o que acontece na vida. Nunha palabra: Rosalía entendía o espazo como berce, como ledicia, como dor e como tumba. O comezo e o remate da existencia, todos os anos espallados pola paisaxe de fonda fermosura e traballo duro. Un proceso longo. De xeracións. De mulleres e de homes. De economía, fertilidade, asoballamento, pexas - as máis das veces pintados dese verde ácido que

molla e perfila as vivencias.

É por iso que os *Cantares Gallegos* nos deixan entrar na terra da autora, seducidos primeiro polo ritmo, cicais, logo polas vistas, os laios e ameazas de extinción. Para os galegos será cousa da lingua, mais despois é cousa da realidade universal e dunha perspectiva capaz de a verquer en palabras. Rosalía non é branda, insiste nos contrastes duros, en frases como "doio-me de dor ferida" que nos engaiolan e nos le-

van polo lugar, loitando contra o contraste entre beleza e sufrimento, entre o berce e a morte. A soidade dos que nos atopamos nunha vida que ten fin. E nunha sociedade e especialmente nunha economía que estraga as posibilidades de continuarmos no sitio amado cos seres amados. Aínda así, sabemos que é esa mesma vida a que nos permite percibir o que tivemos

Rosalía sedúcenos a matinar no proceso persoal, sempre inserido nun pasar do tempo fertilizado e comesto dos lobos e dos lobishomes (algúns deles peritos da crítica literaria, no caso dela). Tamén os estranxeiros sentimos pasar o tempo e marcamos as horas, como fai a voz do poema: "*Cando de lonxe vos oio./penso que por min chamades*". O "lonxe" dende o que ouvimos as campás é moi persoal, sexamos de Bastavales ou non.

Este ano, 2013, no 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, foi a primeira vez que vin a festa de Bastavales en xuño, con flores debuxando a creatividade dos residentes e o seu desexo de partillar o día. Tamén se escoitaran tocar as campás de Bastavales. Pódovos dicir que pensei:

*Elas tocan para que rece,
eu non rezo, que os saloucos
afogándome parece
que por min tén que rezar.*

E é que xa non teño nin media vida. Como moitos dos visitantes ao Val da Amaía non tiveron a sorte de acadar a residencia permanente na Galiza. Mais certa escritora do século XIX, coa súa voz universal, debuxou para sempre e para todos a grande forza da soidade - para os galego-falantes e para os falantes de outras linguas e outras terras.

*Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar
mórrome de soidades.*

De feito, a voz que nos remite á igrexa coa estatua de San Xulián na fachada é un engano, xa que non sabemos situala ao pé do templo ou na emigración. Agradecemos a fragilidade do espazo individual, colectivo, anónimo que construíra Rosalía, porque fai do amplo val un abrigadoiro para todos os ouvintes do son que abre e fecha o poema.

*Oh bells of Bastavales
when I hear you chime
I'm so lonely I could die. ♡*

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Nun país como o noso, no que a vida intelectual significa tan pouco fóra do círculo dos pensadores profesionais, os tópicos, as modas, a fraseoloxía dos nosos tempos, que, por suposto, nacen e inzan como resultado de causas profundas —seméllenos dignas de aprobación ou de condenación—, soen instalarse nos costumes, nas mentes, nos beizos da xente en forma de versións simplistas, apresuradas e facilitonas. O que xa é de por si mostrenco, adquire deste xeito unha fasquía vulgar, cáxeque caricaturesca, como consecuencia da imposibilidade da madura asimilación do novo alimento cultural polos que, dunha banda, queren estar ao día, porque ao día viven, e, de outra, non poden ou non queren dispor de tempo para dixerir os produtos do día —do día cultural—, xa que en realidade non hai para eles outra actividade seria que a actividade enxebremente biolóxica.

A nova burguesía —que estende os seus tentáculos por ondequeira, a dereita e a esquerda, pois é a clase epónima desde hai tempo— e os seus rapsodas, os seus apoderados, os seus gurgullos e os seus zumezugas, ten incorporado á súa fala —cada vez menos auténtica— a palabra desmitificación. A poderosa corrente que botou á circulación o concepto, estaba, desde logo, historicamente xustificada. No mundo novo, do que os primeiros vaxidos foron alumeados polos luciferinos resplandores de Hiroroshima e Nagasaki, compría limpar a atmosfera de mitos caducados ou podrecidos. Mais agora chouta a verba na pena e na boca dos satisfeitos beneficiarios do horrendo sacrificio. E como hai que falar á moda, aínda perdida a significación con que naceu a mesma, por todas partes nos salpica, como surtida dun hisope esconxurador, a palabra desmitificación.

Dise que os galegos somos laións. Non nos compre laiarnos, en todo caso, de que non se lle fixera xustiza a Rosalía. En Galicia, en España, en Europa, en América, hoxe Rosalía está de moda. En galego, en castelán, en francés, en italiano, en inglés, en alemán escríbese sobre Rosalía. Mesmo teses doutorais. Mais algúns destes escritos —e entre eles os que nos interesan agora son os redactados nos dous idiomas citados en primeiro termo—, desexando sen dúbida os seus autores non ser desdeñosamente xulgados como trasnoitados e retrógrados, teñen caído no mito da desmitificación.

Témome que haxa aquí un trabucamento, causado por unha escorregadura semántica. Os mitificadores de Rosalía serían uns furibundos nacionalistas, ou uns místicos heterodoxos, ou uns románticos histéricos, ou se cadra uns doentes afectados dun complexo de Edipo, ou máis ben uns asariados do sistema, que propugnan o cul-

O mito de Rosalía Ricardo Carvalho Calero (1910-1990)



to de Nosa Señora da Saudade como opio do pobo que noutrora se ergueu contra a nobreza e, dirixido por algúns nobres, esborrallou os castelos que despois tiveron de ser reconstruídos polos mesmos esborralladores.

A Rosalía hai que desmitificala. De primeiras, hai que subliñar a súa obra en castelán, que é moito máis volumosa que a galega. Se podemos demostrar que a súa vida

amorosa foi turbulenta, tanto mellor; pero se non podemos, sempre caben hipóteses fundadas nos seus poemas, aínda que estes refiran acontecementos sentimentais de persoaxes creados pola autora, e distintos dela, polo tanto. Analogamente, podemos probar que Rosalía foi potencialmente suicida e homicida. A santurronaría rosaliana, é dicir, a santurronaría dos rosaliáns, forxou da poetisa unha imaxe idílica, ou

nacionalista, ou existencialista, que debe ser substituída por outra na que predominen as notas... que se conformen máis coa ideoloxía do opinante. Así, a desmitificación pode desembocar nun contra-mito, que sería un mito tamén.

Por favor, non crean vostedes que existe o propósito de canonizar a Rosalía, como se pensou en canonizar a Rodrigo Díaz, Cristóbal Colón e Isabel de Trastámara. Hoxe dispomos de serios traballos biográficos e críticos nos que se poñen en craro moitos puntos da vida persoal e literaria da nosa cantora. Que algunha señorita, ou algún señor, rechouchie liricamente de cando en vez en honor da nosa Musa, como outros o fan en honor de Ho Chi Minh ou Ernesto Guevara, é algo completamente normal. As figuras destacadas dos nosos herois moven o entusiasmo e a pena dos poetas e os prosistas desde os tempos de Alceo. Pero isto non excluí o rigoroso estudo científico, que aspira só a desvelar a verdade.

Agora ben: un mito é tamén unha realidade, e hai que rexistrala. A crítica literaria ou a historia ou a ciencia da literatura non poden falsear a verdade. Mais a antropoloxía, ou a etnografía, ou a mitoloxía poden rexistrar os mitos, deben rexistrar os mitos. E os mitos, os verdadeiros mitos, son un ben cultural colectivo. Asistimos decote á formación de mitos, á mitificación de figuras históricas. Hai personalidades que realizan —aínda que imperfeitamente, con máis proximidade ao arquetipo que os seus émulos— un ideal humán. O pobo necesita exemplares que personifiquen ese ideal, porque o ideal é luz que alumea as súas tebras, e a idea desencarnada é inasimilábel polo home da rúa e todos, nun aspecto ou noutro, somos homes da rúa. Así, o pobo acentúa certos rasgos, desfigura outros dos que maxina os seus herois, proxecta sobre eles os seus soños, e veleiquí un mito. Quero dicir, un home, ou unha muller, mitificados.

Quéirase ou non, o pobo galego mitificou a Rosalía, fíxoa símbolo da alma colectiva, rendeuille un culto espontáneo. E isto non é, naturalmente, arbitrario. Cando subliñamos a hipostatización de Galicia en Rosalía, sinalamos simplemente un feito. Un feito que pode ser estudado cientificamente, porque a mitoloxía é unha ciencia.

Texto publicado en La Voz de Galicia, domingo, 21 de xaneiro de 1973. Recollido posteriormente no volume *Estudios Rosalianos*, Galaxia, 1979

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Xoán Costa
Imaxe: SG

Ben podería poñerse de moda regalar discos de Rosalía

No ano 2006 a editorial Galaxia publicou o epistolario de Carvalho Calero a Fernández del Riego. Trátase dun volume que non só aporta coñecemento sobre un período escuro da nosa historia e sobre a figura do autor das cartas ou de intelectuais coetáneos e o seu papel no proceso de recuperación -ou de deturpación- dos nosos valores nacionais. Non é só iso: ao longo de máis de 500 páxinas que recollen cartas desde o ano 1932 ao ano 1971, Carvalho Calero pon o dedo na chaga de moitas das carencias e eivas que o noso sistema cultural, académico ou editorial teñen enriba. Unha desas eivas é -segundo o autor- a necesidade de abordar a gravación -con ou sen música- de textos poéticos galegos. Nunha das cartas, datada en agosto de 1967, Carvalho traslada a del Riego unha suxestión nacida da conversa cun amigo: "Esquecíame falarche dunha conversa que sostiven onte cun amigo que me suxeriu a comenencia de que se grabaran discos con recitacións de poemas escollidos galegos. Poderíase empezar cos de Rosalía, Curros e Pondal. (...) sería moi interesante impoñelos no mercado e coído que o público respondería. Habería que ir tanteando" Era isto no ano 1967, en agosto, pouco tempo despois do concerto de Raimon no estadio universitario de Santiago e pouco antes do recital de música galega, cos poemas de Celso Emilio como parte fundamental do repertorio, organizado no paraninfo da facultade de Medicina da Universidade de Compostela o 26 de abril de 1968.

Certamente, Carvalho non se refería expresamente a musicar textos pois xustamente textos dos autores que cita xa foran postos sobre un pentagrama e amplamente popularizadas as versións deses poemas. Referíase máis ben a dar a coñecer a través do vinilo a nosa literatura na nosa propia voz. Sen dúbida, as voces de Rafael Alberti, Nuria Espert, Adolfo Marsilach recitando textos de literatura española con destino, fundamentalmente, aos departamentos de lingua e literatura española dos, daquela, Institutos Nacionais de Bacharelato, resoarían na cabeza de Carvallho -daquela xa director de Fingoy- e terían algo que ver na súa preocupación. "Sería moi de desexar que nas escolas rurás os mestres poideran

dispoñer de textos que os nenos poideran ouvir desde pequenos; e ben podería poñerse de moda regalar discos de Rosalía" Sen dúbida, esa mesma preocupación por superar as eivas que en materia cultural tiña, e segue a ter, Galiza é a que o leva a dicir, anos máis tarde como profesor da Universidade: "Éme necesario facer para os meus alumnos da Universidade dúas antoloxías, unha de galego antigo e outra de galego moderno", en referencia ao que foron os volumes Prosa Galega I, Prosa Galega II e Prosa Galega III.

Desde aquela data, foron moitos os esforzos feitos por espallar a nosa literatura en versión musicada -enlazando así coas nosas orixes literarias, pois non outra cousa que cancións é a nosa primeira literatura- mais non foron tantos os intentos de gravar, con



voces profesionais e estudos de gravación adecuados, textos á maneira dos que teñen outras literaturas. Podemos escoitar Shakespeare na magnífica voz de Sir Laurence Olivier; podemos escoitar Camões ou Pessoa; Flaubert, Alberti, Lorca ou Cervantes nunha versión completa, primeira e segunda parte, de El Quijote por iniciativa do goberno de Aragón, mais non podemos escoitar Rosalía, Curros, Pondal porque, como tamén dicía Carvalho, para a iniciativa privada "os problemas serían de índole económica" e a iniciativa pública que correspondería á Xunta de Galiza é capaz de apoiar antes a gravación de El Quijote do que a de Cantares Gallegos

Carvalho concibía estas gravacións como "unha ampliación dos nosos medios (en referencia a Galaxia) de actuación cultural", mais non descoidaba os aspectos económicos do proxecto, nin, por suposto, os artísticos ("escollería con moitísimo coidado os poemas e os recitadores") e mesmo propoñía unha voz para facer a gravación: "e como voces, temos de momento a Xohana Torres".

No ano 67, en que escribe Carvalho, o concepto de audiolibro non existía e as posibilidades de divulgar, mediante

discos, obras literarias completas, eran máis ben escasas. Na actualidade os dispositivos de almacenamento son case ilimitados e os procesos de gravación bastante máis sinxelos. Formatos de codificación como pode ser o popular mp3 e derivados, ou similares, permiten que podamos levar connosco, nun pequeno aparello, moitas máis horas de audición do que vida temos para as escoitar. Os problemas serán pois de outra índole, e iso é o que haberá que valorar. Neste ano de conmemoración dos 150 anos de Cantares son varios os proxectos musicais que saíron -ou van saír- ao mercado, mais non debemos renunciar a podermos escoitar Rosalía, Curros ou Pondal en formatos habituais noutras literaturas porque, como di Carvalho no fin da carta, "creo que val a pena".

A Xunta de Galiza é capaz de apoiar antes a gravación de El Quijote do que a de Cantares Gallegos

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Con Rosalía á escola pola porta grande

Mercedes Queixas
Imaxe: Arquivo histórico

Ao longo deste ano de celebración do sesquicentenario da publicación de Cantares gallegos andei a exercitar a memoria até chegar a rexistrar a fotografía do momento ou da circunstancia concreta en que puido ter lugar esa sempre inquietante primeira vez, ese primeiro encontro coa obra de Rosalía de Castro.

Non foi doada esa viaxe introspectiva, non, e cómpre xustificar a razón.

Esa primeira impresión non resultou desacougante nin sorprendente nin moito menos emotiva, simplemente pasou desapercibida e diluída na lectura na escola dun par de poemas en galego do ramo tradicionalmente acumado como paisaxístico ruralizante ou de espírito chorón, que pouco ou nada podían dicirnos á xeración nada a finais dos sesenta, e enmarcados biográficamente nunha personalidade feminina enfermiça, tristemente angustiada e decadente, aos que engadir apenas a lectura dalgún outro disimulado verso de contido folclorista, entre a minguada contextualización do libro de lingua castelá, debidamente formateada Rosalía a partir do seu auténtico espello literario coetáneo no que se mirar e poder comprender: Gustavo Adolfo Bécquer.

Aínda hoxe mesmo, no momento de redacción destas palabras, lemos e recolleemos en diferentes sitios virtuais sentenzas do tipo: Bécquer y Rosalía, dos de las figuras literarias más importantes de la literatura española ou Bécquer y Rosalía, dos nihilistas románticos. Ou aínda máis, localizamos moi en activo nas aulas de secundaria algún libro de texto da materia de lingua e literatura castelá que presenta parcamente a nosa autora ao alumnado, e só desde o tratamento do poemario En las orillas del Sar, como representante do Romanticismo tardío, hija de madre soltera, casada con el erudito galleguista Manuel Murguía, refugiada en su soledad.

PORTA GRANDE, PORTA DE SERVICIO

Cómpre reconecermos, xa que logo, que Rosalía non entrou na nosa vida escolar pola porta grande, senón pola porta de servicio onde as presentacións foron simples de máis, pouco formais, pseudoacordes cunha personalidade indefinida, pasaxeira e murcha, no canto do que senlleira e única, construída a si propia desde o sistema literario galego cara ao universal.

Custou inverter lecturas e pautas inter-



pretativas canonizadas ao redor dunha obra poética e ensaística cuxa clarividencia fala por si propia dun tempo histórico que ela, intencionada e vocacionalmente, quixo deixar retratado para a necesaria reconstrución da historia sempre pendente.

A imposibilidade de acceder a Rosalía de Castro, coa formalidade que lle correspondía, na escola decimonónica non im-

Construíuse a si propia desde o sistema literario galego cara ao universal

pediu que o pobo chegase á súa obra para aprendela e aprehendela porque a poeta nos seus verseos falaba de, por e para o pobo que tan ben coñecía e os poemas van ser expresión da voz colectiva dos galegos.

A poesía rosaliana naceu para dicir, escoitar, cantar, ler e comprender un tempo e un espazo real, marcado no eixo da cronoloxía do renacemento lingüístico, literario e cultural galego do XIX, mais non debemos os profesionais do ensino acreditar no afastamento da obra rosaliana desta contemporaneidade que nos abafa con problemáticas ben semellantes e reprodutoras de tempos que ben deberan ter sido superados xa.

As dramáticas consecuencias da sangría migratoria, a marxinação e opresión da muller, a dignificación do idioma galego e o firme compromiso para co seu uso, a defensa da clase traballadora fronte ás programadas e intereseiras desigualdades sociais por parte da minoría sempre poderosa son, entre outros, temas que conviven canda nós nesta Galiza-Penélope á que o noso alumnado non é alleo nas súas vidas persoais nin debe selo no tratamento didáctico pedagóxico das aulas de hoxe.

A ACTUALIDADE DA ESCRITA ROSALIANA

A lectura da obra rosaliana, nomeadamente os Cantares gallegos, é, ao noso ver, un obxectivo irrenunciábel de abordaxe escolar. Cómpre procurarmos os medios, as ferramentas didácticas máis atraentes e acaídas, os recursos dixitais de uso estendido e normalizado en calquera outra disciplina escolar para que o noso alumnado se forme e socialice sen caer na tentación de se sentir lexitimado para prescindir dos autores e autoras clásicos.

A actualidade da escrita de Rosalía e do pensamento consciente e crítico que a sustenta foi explícita ao longo deste 2013 a través de reedicións da súa obra, ampliación do abano interpretativo musical, creacións videográficas, actividades en rede... Educar nesta conciencia e implicar o noso alumnado, progresivamente ao longo das diferentes etapas educativas, é responsabilidade nosa como docentes.

A súa primeira demostración de compromiso vivíamola o pasado 24 de febreiro, Día de Rosalía de Castro, cando conseguimos un trending topic ou tendencia nada habitual nas redes sociais en que a nosa mocidade navega lixeiro: #DiaDeRosalía. [👉](#)

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Xoán Costa
Imaxe: Arquivo histórico

Rosalía e a AS-PG: música, cinema, ensaio para espallar verdades agachadas.

A pasada sexta feira, 20 de setembro, organizado pola sociedade cultural Medulio, presentouse no teatro Jofre de Ferrol o derradeiro dos traballos da Asociación Socio-Pedagóxica Galega que teñen Rosalía como centro de atención. Trátase da musicación que, por encargo da AS-PG, realizou o sexteto Tempo Catro de once poemas de Cantares Gallegos e que leva por título, *Os ollos que falan. Rosalía de Castro*, agora xa publicado en disco e a disposición do público. O concerto, nun teatro absolutamente cheo, serviu para mostrar unha Rosalía actual e viva, capaz de comunicar con nós a través de temas como a conciencia sobre Galiza e o seu estado, o amor e o desamor, a parella, o erotismo e a sexualidade, en clave nada convencionais, por certo. Todos estes temas, e moitos máis, abrollan nestes cantares agora feitos música con ritmos de valse ou de fado, de salsa ou de xota, de mazurca ou pasodobre.

Mais esta iniciativa promovida e patrocinada pola AS-PG non é máis que unha das moitas que neste ano de aniversario aparecen sobre Rosalía, porque a AS-PG non desaproveitou nunca a ocasión de espallar e pór en valor a obra da grande poeta nacional.

Non é propio destas páxinas facer un relatório exhaustivo, mais si mencionar algunhas obras que constituíron un fito na interpretación da obra rosaliana que foron postas á disposición do público lector pola AS-PG logo que editoras comerciais rexeitasen a súa publicación. Habemos de comezar por *Análise Sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (1988), tese de doutoramento de Francisco Rodríguez -a primeira presentada nunha universidade galega sobre a escritora- que significou un salto cualitativo no coñecemento do mundo e da experiencia rosalianas; coñecemento e experiencias nas que se afonda con outro libro do mesmo autor, *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (A persoa e a obra de onte a hoxe)*. Este libro hai que inserilo dentro do esforzo colectivo por nos facer conscientes do noso propio valor, neste caso do valor dunha obra literaria e dunha muller, Rosalía de Castro, que transcenden o campo da literatura por seren sintomáticas da aspiración e do dereito á existencia do pobo galego, e tamén dunha perspectiva da historia e do mundo xenuína e moi esclarecedora, imprescindible. Mantendo o rigor analítico e o manexo de fontes históricas abondosas, característicos do seu autor, topamos cun texto de fácil, entretida e suxerente lectura, un libro que nos vai descubrir a personalidade auténtica de Rosalía, libre dos prexuízos e estereotipos aínda dominantes. Da súa man, e grazas á súa experiencia e obra, chegaremos a ter resposta a moitos interrogantes sobre nós mesmos, como pobo, e a nos orientar mellor no medio



de tanta confusión. Sendo unha análise específica dunha obra literaria concreta, que tamén axuda a visualizar, de forma efectiva, á súa autora, é, ademais, este libro unha ventá aberta para comprender un mundo, aínda en grande maneira rosaliano.

BITÁCULA ROSALIANA

Mais tamén as tecnoloxías da información e a comunicación e as novas formas de lectura teñen atraído a atención da AS-PG para divulgar a obra rosaliana. Neste sentido, cabe salientar o portal titulado *Daquelas que cantan* (<http://bitaculas.as-pg.com/literaria/>) onde, semana a semana, se foron publicando todos os poemas de *Follas Novas e Cantares Gallegos*. A AS-PG abriu esa bitácula coa intención de publicar textos literarios galegos para poderen ser lidos directamente sobre o computador e ao mesmo tempo que os lectores e lectoras poidan aportar os seus comentarios a través da bitácula, chegando deste xeito a unha "crítica literaria" colectiva e non

AS-PG non desaproveitou nunca a ocasión de espallar e pór en valor a obra de Rosalía de Castro.

pautada por moldes académicos. Os dous textos citados, *Follas novas e Cantares Gallegos*, foron tamén publicados pola AS-PG en papel. O interese da AS-PG por Rosalía levou a entidade a crear plataformas de relación aberta e de intención claramente pedagóxica-social, entre a sociedade e o sistema educativo, dando lugar a actividades tipo "cazas do tesouro" e outras destinadas ao uso escolar e mesmo a incluír no Trivial.gz, un xogo de trivial en

liña con máis de oito mil usuarios e usuarias rexistradas, un tema sobre Rosalía con varios centos de preguntas.

CURTAS PARA ROSALÍA

Convencidos de que o cinema é unha forma ideal para a divulgación literaria, desde o ano 2010 a AS-PG organiza e xestiona o certame de curtametraxes Curtas para Rosalía que este ano 2013 alcanza a cuarta edición. O certame, que nun principio atendía unicamente obras de Rosalía, está hoxe aberto á participación con calquera temática da literatura galega e axiña saíran as bases de participación nesta nova edición.

Os ollos que falan e a próxima convocatoria do certame de curtas son as derradeiras achegas da AS-PG á difusión da obra de Rosalía. Acredito que con traballos como os aquí mencionados Galiza conseguirá proxectarse no futuro como a pensaba Rosalía, e nós, galegos e galegas do século XXI, deixaremos de ser estranxeiros na propia patria.

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



O dereito de nacionalidade: autoestima e defensa da capacidade

Francisco Rodríguez
Imaxe: Arquivo histórico

Na segunda metade do século XIX había unha coincidencia básica entre a ideoloxía central do liberalismo burgués e a dun marxismo escolástico canto á tese de que o mundo acabaría unificado mesmo lingüisticamente. A expresión máis senlleira no terreo literario, alén de paradoxal, é a que manifesta Curros Enríquez no poema introdución que abre Aires da miña terra (1880): "Todo tende á unidá, lei, de entre todas, / a máis ineusorabe do Progreso; / i el que de cen naciós un pobo fixo, / un idioma fará de cen dialeutos." O debate pretendía situarse, desde a perspectiva burguesa hexemónica e mesmo desde o ideoloxismo proletario, como unha confrontación entre o presente vivo na antesala dun futuro de progreso e as reliquias do pasado coas pedradas de atraso.

Porén, e con todos os matices, condicionantes, limitacións e intensidade que se quixeren, dunha ou doutra maneira, nos anos comprendidos entre 1848 e 1867, os debates, contradicións, aspiracións e conflitos, no referido á cuestión nacional, ían medrando por toda Europa, sen excepción, pois o dereito de nacionalidade atinxía a moitos pobos, alén do seu tamaño, do prestixio da súa lingua e da súa historia. As posicións de Renan, Mazzini ou Mill, como teóricos da condición de nacionalidade, restrinxida aos pobos que, polo seu tamaño e historia, se considerasen viábeis, non podían escorrer as aspiracións doutros que nacían dunha experiencia opresiva da realidade e que, en maior ou menor medida, necesitaban manifestarse, pois afectaban a aspectos básicos da existencia. Moito menos podían pretender con éxito asegurado os liberais eurocéntricos que o establecemento da nacionalidade, necesariamente unha identidade étnica e lingüística, se definise con criterios de exclusiva capacidade para establecer institucións estatais, confundindo estas con aquela, repartindo credenciais de progresismo ou negándoas en función de criterios interesados e ao servizo da xerarquía e a desigualdade entre pobos, do dominio.

UN POBO MALTRATADO EN ESPAÑA

Rosalía expresa a conciencia ideolóxica, literaria e artística, máis depurada e radical, de identificación coa lingua e o dereito de nacionalidade do pobo galego, como diferente, e con capacidade por si, realizando a defensa máis



Rosalía Castro, Friedrich Engels e Manuel Curros Enríquez.

afervoadada fronte a quen pretendía reduci-lo a un fato de bárbaros e salvaxes, ridiculizando a súa lingua, os seus costumes e negando mesmo a fermosura do país. Ben rechamante é que, mesmo nun estado de dialectalización tan acusada, tivese unha concepción tan nacional e ideal da nosa lingua, como unha unidade superior en que as variantes están integradas. Esta concepción ideal da lingua, tan necesaria para non se desorientar verbo da súa unidade e o seu espírito común, alén de acabar vendo a necesidade da súa unificación ou estandarización normativa para a escrita, estaba vinculada a unha identificación emocional, de lealdade e defensa dun pobo maltratado en España. Trátase da dignificación da súa lingua ridiculizada e desprezada no exterior e a cada paso máis abandonada no interior.

Estaba Rosalía no ronsel de Herder, considerando a lingua como a expresión máis xenuína do pobo, da nación, a que contén o seu espírito, desde unhas coordenadas radicalmente democráticas e populares. En Cantares Gallegos (1863) son estas clases populares as protagonistas principais, alén de, como de esguello, vérense outras, como a fidalguía e algúns sectores eclesiásticos, burocráticos e mercantís. O libro parte dunha inspiración movida pola constatación de labregos e mariñeiros seren cuantitativamente a clase nacional por excelencia, que debían convertérense tamén en clase social dirixente, como se comproba no prólogo da Historia de Galicia, I, (1865) de Murguía. Neste sentido, a visión do libro responde a unha óptica ideolóxico-política consciente da inevitábel alianza de problema social e nacional. Justo Beramendi, referíndose á explotación do campesiño, vía foros e tributos, e á miserenta condición de vida que obrigaban a tantos a emigrar, constata: "A arela de acabar con tal situación e de instaurar unha orde socioeconómica máis xusta atopa en Rosalía voz privilexiada e indignada" (Galicia, de provincia a nación, 2007, p. 127). Ela conxuga, pois, a reacción fronte ao eurocentrismo, que aquí se manifesta como españolización agresiva e desprezativa da identidade galega, e a defensa do pobo traballador, vítima de opresión, abuso, maltrato e ridiculización. A lingua galega apa-

recía postergada, menosprezada e ridiculizada, como nunca antes o tiña sido. Porén, non era o pobo traballador o destinatario, senón os galegos e galegas cultas, alfabetizados, maiormente doutras clases sociais, fidalguía e pequena e mediana burguesía de vilas e cidades para non renegaren da súa condición nacional e mudaren de lingua, proceso provocado polo dominio e subordinación ao castelán, que se vivía como modernización e progreso. O libro pretende ser unha chamada de atención para ver o propio país con outros ollos, para subliñar a súa dignidade e fermosura, para escorrer tanta renuncia, autodio e falta de estima.

Hai toda unha espiral que se inicia co prólogo de Cantares Gallegos (1863), presentando Galiza como un paraíso e os hábitos, costumes, festas populares como dignas de louvanza e a nosa lingua chea de dozura e de harmonía. Nunha palabra, o libro pretendía mostrar o verdadeiro espírito do noso pobo. Veremos como se avanza nesta espiral até o artigo de 1881, Costumbres Gallegas, publicado en El Imparcial de Madrid. En ambos os dous, nada menos que tratándose de

textos entre os que median case vinte anos, atopamos similares argumentos en defensa da fermosura de Galiza, da humanidade dos seus labregos e mariñeiros, da capacidade da súa lingua e do proceso de toma de conciencia nacional, no seu caso, en contacto con outras terras. O ilustrativo e sintomático é que parece que, en 1881, a nosa burguesía intermediaria, españolizada, liberal ou conservadora, non podía soportar ver escrito en prosa xornalística nun xornal da Corte o que fora escrito xa en boa maneira antes nun prólogo da autora en prosa galega a Cantares Gallegos, todo el na lingua do país.

Algúns voceiros desta clase social, como El Anunciador da Coruña e La Concordia de Vigo, arremeteron contra Rosalía acusándoa de falta de moralidade e de denigrar o país, aparentemente por mor da súa información sobre o costume da hospitalidade sexual das mulleres cos mariñeiros errantes e descoñecidos nalgunha zonas costeiras do país.

(continúa na páxina 30)

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Marta Dacosta, outubro de 2013.
Imaxe: SG

Cantares para amar a lingua e o pobo

Aínda lembro a cara de sorpresa dalgunha das miñas alumnas cando eu remataba a estrofa que ela tentara iniciar. Abraíábanse de que soubese de memoria fragmentos de poemas de *Cantares Gallegos*. Mais, como non sabelos?

Desde que aproximadamente en 1975 ti ven na miña man o libro por primeira vez, ten saído moitas, moitas veces do andel, para ser aberto, lido e recomendado.

Naqueles anos, deume por remexer nun paquete que había no fondo do armario do corredor. Desde que nos trasladáramos a aquela casa, aínda estaba sen desembalar. Cando o abrí atopé unha pila de libros forrados con papel estraza de cor azul, algúns deles rillados polos ratos, síntoma de teren estado aínda máis ocultos á vista.


Foi a miña curiosidade infantil o que sacou aqueles libros do ostracismo do armario, condenados polo seu aspecto feo e suxo, que impedía que puidesen ocupar o lugar de honra da colección forrada en imitación de pel que estaba no moble do salón.

CASTELAO, CUEVILLAS, OTERO...

Sen saber o que tiña entre mans dei en retirar o papel que os forraba e fun lendo un a un os títulos: Cousas da vida por Castelao, Prosas gallegas de Cuevillas, O señorito da Reboraina de Otero Pedraio, Si o vello Simbad volvese ás illas de Cunqueiro, etc. E *Cantares Gallegos*. Todos eran exemplares publicados por Galaxia nos Talleres Gráficos de Faro de Vigo no primeiro lustro dos anos 60 do século XX. E famenta como estaba de ler, botéime a eles, e lin en galego, comezando por Cantares, coa mesma naturalidade ca quen leva lendo toda a vida na lingua de seu, malia ser a miña realidade lingüística ben distinta.

Non foi até cinco ou seis anos despois que coñecín a dimensión real das lecturas que fixera. Xa no instituto, asistindo ás aulas de lingua e literatura galegas aprendín das miñas profesoras de entón quen era Rosalía Castro e coñecín a súa obra.

O meu libro é a edición impresa o primeiro día en que se celebraron as Letras Galegas, o 17 de maio de 1963, un libro editado para conmemorar o centenario da publicación de *Cantares* e que foi ordenado, prologado e anotado por Fermín Bouza Brey. Ese mesmo día, Bouza Brey publica en La Noche o artigo: "Libro de fe e esperanza. A xénese dos Cantares", primeiro artigo escrito integramente en



galego por Bouza para este xornal. Cómpre sinalar tamén que non foi a única edición realizada con motivo do centenario da publicación. Tamén Carvalho Calero publicaba ese mesmo ano unha edición para Anaya que anos despois sería editada por Cátedra.

HORA MEU MENIÑO, HORA

Hoxe, cos seus acertos e erros, o libro é para min como unha alfaia, mais entón, cando andaba nos nove ou once anos, non sentía este respecto reverente e atrevínome a escribir nel, a copiar na derradeira páxina en branco fragmentos de varios poemas, ou anotar sobre os versos do poema 18 "— *Hora meu meniño, hora,*" os acordes cos que un día quixen cantalo na guitarra. Unha anécdota sen máis importancia cá de indicar que atopé neste poema algo que me prendeu. E non sei se é ese raio de esperanza que Rosalía identifica coa imaxe dunha Virxe vinculada á

"Foi a miña curiosidade infantil o que sacou aqueles libros do ostracismo do armario"

Natureza, ou algo máis inexplicable, como a comprensión da soidade do neno abandonado na noite.

E esta lectura da infancia condicionoume, pois cando chegou o día en que me correspondeu a min como docente elaborar a miña proposta de lecturas para os diferentes cursos, decidín introducir a lectura da poesía e *Cantares Gallegos*

foi a primeira recomendación.

Eu obriguei o meu alumnado a ler poesía, para garantir que se achegasen a ela, mais procurei que os libros que eu lles pedía que lesen fosen axeitados para a súa idade e debo dicir que a oposición inicial case sempre desaparecía unha vez lidos os libros, cando conversabamos sobre eles e entendían que só lles reclamaba que procurasen gozar coa lectura. A miña obriga de que lesen poesía deu froitos maravillosos, porque houbo quen reclamou ler máis poesía da proposta.

Deste xeito foi como lle propuxen ler *Cantares Gallegos* ao alumnado da ESO. E lérono. E gustoulles. E aceptaron seguir lendo poesía no futuro.

Eu quería que, como a nena que eu fun, quedasen enredados nos poemas, prendidos na rede do amor á lingua e ao pobo que é este libro. Inesgotábel e imprescindíbel. [2](#)

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Celia Armas García
Imaxe: SG

1863: contexto literario e político do ano en que Rosalía o mudou todo

Maio de 1863 é unha data que marca un antes e un despois no devir do noso sistema literario. Como ben sabemos, é o momento en que aparece en Vigo, na imprenta de Juan Compañel, o volume *Cantares Gallegos*, asinado por Rosalía Castro de Murguía. Mais: cal era o momento histórico, literario, político, económico..., que viu nacer á obra fundacional da Literatura Galega moderna?

Uns meses antes, en marzo, producírase en Madrid un cambio de goberno. Até entón O'Donnell, á fronte da Unión Liberal, partido entre medias dos moderados e dos progresistas, comandara o executivo máis lonxevo do século XIX español que comezara a súa andaina polo 1858. Estes 5 anos están caracterizados por unha bonanza económica en España que propiciou a auxe do ferrocarril e que aupou as expectativas expansionistas do Estado (guerra en Marrocos, intento fallido de recuperación de Santo Domingo, conflitos en Chile e Perú...). Este amplo despregue bélico, porén, non tivo resultados prácticos; máis ben ao contrario, o fracaso da intervención en México precipitou a dimisión de O'Donnell, quen foi substituído na data que arriba mencionabamos por Narváez, moderado e que non ficará máis que un ano no poder. Mais poñamos agora o foco dentro das nosas fronteiras. Se nos achegarmos a fontes directas como a prensa que se estaba a publicar na Galiza do 1863 (arredor dunha ducia de cabeceiras), vemos que hai un berro común: *"iPaso a la regeneración de Galicia"*. A *intelligentsia* da altura parecía estar unánime de acordo en que o submetimento aos intereses do resto de España estaban a afogar o noso país e así denunciaban constantemente: a pervivencia do sistema foral (na Galiza non se derrogaron estes impostos até 100 anos despois!) condenaba á miseria ao noso principal sector produtivo, o agrícola; a gandeiría soportaba impostos descoñecidos no resto do Estado (como o do sal); a primeira liña ferroviaria galega inaugurouse 36 anos despois da primeira española; a emigración era unha sangría constante que se vía, ademais, alentada e facilitada polo goberno central... Non tiñamos sistema financeiro propio e, de feito, estase a criar un estado de opinión que defende que os montepíos e as novas institucións bancarias son fundamentais para o desenvolvemento dun futuro tecido empresarial, se ben semella haber coincidencia en que os esforzos neste sentido deberían enfocarse cara á modernización da agricultura. E tamén hai


acordo en que é fundamental, sobre todo cara ao avance económico da esmorecida sociedade da altura, favorecer desde as institucións públicas a creación dun sistema educativo que achegue a instrución ás clases populares, clases case analfabetas, se ben é nesta metade do século XIX cando se comezan a construír, con certa sistematicidade, escolas no rural. Escolas prioritariamente dirixidas a homes, pois non podemos esquecer que na Lei Moyano, a norma educativa promulgada en 1857, xa se deixaba claro que a educación (que non instrución) que debía recibir unha muller era a encamiñada a formar futuras traballadoras domésticas resolutivas, máis nada.


VERNE, SCOTT, FLAUBERT, DICKENS

Jules Verne publica en 1863 *Cinq semaines en ballon*, obra que vén precedida pola grande sona do autor. Tamén neste ano Théophile Gautier dá ao prelo *Le Capitain Fracasse*, novela de aventuras que tivo grande éxito. Walter Scott, coas súas obras de recriación histórica, era o *best-seller* do momento, así como Flaubert, que en *Salammô* (1862) tentou reeditar o suceso que vivira poucos anos antes coa súa maxistral *Madame Bovary* (1857). Dickens completa o triunvirato de autores máis lidos nestes momentos, cando aínda non había nin dous anos que saíra á luz a última entrega da súa novela *Great expectations*. Canda Rosalía tamén Bécquer, o romántico por excelencia da literatura española, daba ao prelo algunhas das súas máis afamadas lendas: "La promesa" ou "El beso" apareceron por vez primeira neste 1863 aínda que ningunha delas alcanzou tanta fama na España daquel entón como calquera das poesías de Ramón de Campoamor, a verdadeira estrela das letras en castelán

nos mediados do XIX.

Este era, a moi grandes trazos, o panorama no que irrompe *Cantares Gallegos*. Unha obra escrita nunha lingua da que non se coñecía tradición literaria, que reflicte a realidade dunha sociedade economicamente precarizada máis á vez teimudamente orgullosa, cunha temática (*a priori*) alonxada da que ocupaba os

primeiros postos entre as preferencias do público lector e, por riba, asinada por unha muller quen non só non tiña acceso á instrución regrada, senón que tamén estaba por ver que tivese capacidade para asimilar conceptos abstractos... Somos capaces, 150 anos despois, de chegarmos a comprender a magnitude da revolución de Rosalía? 



150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.




Xosé Ramón Freixeiro Mato
Imaxe: SG

Rosalía e a restauración do galego escrito no século XIX

Cantares gallegos non só é obra fundamental, e fundacional, do noso sistema literario contemporáneo; tamén constitúe unha peza chave na conformación do modelo de galego escrito após o esplendor do período medieval e o silencio dos séculos escuros. Podemos sinalar tres etapas no século XIX que marcan o evoluir do uso escrito do galego en relación coa propia evolución da conciencia galeguista. A primeira, que vai desde 1808, ano da invasión francesa, a 1833, cando finaliza o período absolutista, caracterízase polas primeiras manifestacións, embora tímidas, do diferencialismo político da Galiza, motivadas polo levantamento contra os franceses e pola necesidade de autoorganización; nela xorden unha serie de textos en prosa e verso de máis valor propagandístico e lingüístico do que literario. Na segunda etapa, de 1833 a 1863, é cando nace o primeiro movemento político coherente de carácter galeguista, con orientación progresista e doutrina 'provincialista'; frutifica na obra dos precursores (Prerrexurdimento), que prepara o camiño para a eclosión rosaliana. A terceira etapa iníciase en 1863 coa publicación de *Cantares gallegos* e prolóngase até os finais do século; politicamente dáse o paso ao rexionalismo, con Murguía e Brañas como principais teóricos, que demanda a descentralización do Estado e defende a personalidade histórica diferenciada da Galiza e a súa especificidade lingüística; do punto de vista literario entramos no chamado Rexurdimento pleno.

É nesta última etapa onde se consegue o esplendor do galego escrito, nomeadamente grazas á obra das tres figuras centrais do noso Primeiro Renacemento literario –Rosalía, Curros e Pondal–, aínda que non só. O seu labor na restauración do uso escrito da nosa lingua cobra aínda máis valor de termos en conta a precariedade de medios con que contaban, como puxo en relevo Rosalía no prólogo de *Cantares gallegos*: "Sin gramática, nin regras de ningúnha clás, o lector topará moitas veces faltas d'ortografía..." De todos os xeitos, nesa última parte do século vanse dar os primeiros pasos para dotar o galego de instrumentos básicos con que xa contaban as linguas do noso contorno desde séculos atrás. Aparece así a gramática de Mirás (1864) e pouco despois a de Saco Arce (1868), obra básica e rigorosa en que van beber as posteriores. No mesmo ano publica Cuveiro Piñol *El habla gallega. Observaciones sobre su origen y vicisitudes*, e Marcial Va-



lladares ten ultimado en 1892 os seus *Elementos de gramática gallega*, obra que permanecerá inédita até 1970. Tamén neste período aparecen os tres primeiros dicionarios: o de Francisco Javier Rodríguez (1863), Cuveiro Piñol (1876) e Marcial Valladares (1884), este o máis completo e importante.

No entanto, non debemos esquecer que o proceso de recuperación lingüístico-literaria desenvólvese dentro dunhas reducidas elites intelectuais, con escasa repercusión na maioría da poboación, de modo que non afecta significativamente o proceso de substitución lingüística iniciado nos finais das Idade Media. A diglosia continúa a avanzar, mesmo de maneira acelerada, durante o Rexurdimento, ampliando substancialmente a súa base de


O labor de Rosalía, Curros e Pondal na restauración do uso escrito do galego cobra aínda máis valor de termos en conta

a precariedade de medios con que contaban

güística todo o territorio, promulgando diferentes disposicións que imponen o uso exclusivo do castelán como lingua oficial.

Canto á evolución do modelo de galego escrito no século XIX, xa o profesor Carvalho Calero nos fala dunha etapa dialectal, representada por *Cantares gallegos*, en que cada autor ou autora escribiría segundo os trazos propios da súa zona, seguida doutra interdialectal en que se mesturaban solucións lingüísticas propias de diferentes áreas xeográficas, representada por *Follas novas*.

A isto debemos acrescentar que a lingua literaria decimonónica ten como modelo case único a fala popular e esta presentaba xa un alto grao de castelaniación, sobre todo no léxico. Até a parte final do século os textos escritos reflicten en xeral ese modelo de lingua popular, como se pode ver na obra rosaliana, en canto nas dúas últimas décadas se vai impondo unha tendencia enxebriante ou diferencialista que pretende distanciarse do español, embora con criterios por veces errados e resultados xeralmente pouco satisfactorios. ♡



incidencia social. Non se debe, pois, identificar automaticamente Rexurdimento con recuperación social do idioma, o cal non resta mérito ningún á importancia do século XIX na historia da lingua galega e na súa recuperación como lingua nacional da Galiza; todo o contrario, pon en relevo o grande valor de Rosalía e dos outros restauradores decimonónicos dentro dun contexto social e político adverso. E tamén non debemos esquecer que durante o século XIX o poder centralizado español procura dotar de identidade lin-

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Xurxo Borrazás
Imaxe: SG


“Fai que fai”, crítico de Rosalía

Pídenme que opine sobre a vixencia de *Cantares gallegos* e preguntome que hai de vixente nunha poeta que falaba dos pobres abandonados á súa sorte, da xuventude obrigada a emigrar, dos expulsados das súas casas, dos esmagados polos impostos e a corrupción do caciquismo, da xustiza de funil con ricos e pobres, da explotación laboral, da desigualdade de dereitos e os abusos que padecen as mulleres, do conflito nacional entre Galiza e España...? Que ten que ver todo isto coa sociedade galega de hoxe?

Cito ao polígrafo Alberto Núñez Feijóo, alias *Fai que fai*, que un día empuña unha manguera de picha de porco con zapato *castellano* sobre a cinza do monte queimado. Outro día fai que consegue contratos en América xogando co medo e a vida dos obreiros, outro pasea en iate co amigo da neve que matou a centos de mozos, outro invoca o espírito de Angrois, territorio dos mortos. Ou fai que celebra a un poeta punk, e morto. Ou a un dramaturgo revoltado, e morto. Ou fai que escribe un prólogo para Rosalía de Castro, a poeta morta. Este home cando escoita a palabra cultura, ou galego, pensa na morte: non ha pensar! A morte aos enterradores dálles a vida, é o seu negocio.

Di o prologuista Feijóo, nunha edición facsimilar dos 150 anos de *Cantares gallegos*, que a obra de Rosalía “apareceu para liberar os moldes da lírica e abrilos á voz herdada, á palabra decantada colectivamente durante séculos”. Que vos parece? “Os moldes da lírica”, “a palabra decantada”... O mesmo Feijóo que asfixiou un por un a todos os sectores da nosa cultura, o do decreto contra o galego. Xa o dixen antes, un verdadeiro polígrafo.

Ollade agora con que elegancia canea a raíz reivindicativa da nosa poeta: “As imaxes das inxustizas dun tempo, contadas ás veces con dor e outras con ironía, a ritmo de muiñeira vella...”. As inxustizas son cousa do pasado, e non se expresan con carraxe ou indignación, senón a ritmo de muiñeira, de muiñeira vella. Por se acaso non quedase claro, engade que “Galicia non é a mesma que a que coñeceu a autora e os seus versos tamén nos poñen diante dos ollos a nosa transformación social, os logros conquistados... As palabras de Rosalía foron alento para esa conquista.” Xa uns meses antes, cando confundira a Matanza coa casa natal, afirmara que “Rosalía retratou unha negra sombra como símbolo da fonda amargura dun tempo en que Galicia aparecía escurecida”. Mi ma, xa van dúas citas, isto vai camiño de converterse en bibliografía. E a



che teño medo! Ou senón cun anaco de estrofa que semella feita para o crítico de Monte Pío: “E ti, rapás garrido,/ de tan melosas falas,/ tan majo de monteira,/ tan rico de polainas,/ tan fino de calzado/ como de mans fidalgas.../ *non che digo nada.../ Pero ivaia!*”

BENVIDAS MINAS A CEO ABERTO

O noso Polainas, alias *Fai que fai*, parece ser un lector atento e constante da poesía rosaliana. Saberá pois que o seu prólogo vai seguido doutro de Pilar Rojo, da que descubrimos que tamén é unha afervoadada lectora da nosa poeta, e aínda un tercei-

Este home [Feijóo] cando escoita a palabra cultura, ou galego, pensa na morte: non ha pensar! A morte aos enterradores dálles a vida, é o seu negocio.

ro de Villares, coma se o Polainas quixese establecer un cortalumes entre el mesmo e o libro en si. Mais tras esa “troika” de introductores hai un cuarto prólogo da propia autora. Como interpreta o polígrafo o que alí se di sobre a situación social ou o status de Galiza en España? “Eran outros tempos”, dirá, “agora a muller acepta todas as flores que lle boten na tumba”. Tamén é posíbel que, froito do universo simbólico compartido, cando le os versos “Adeus ríos, adeus fontes, adeus regatos pequenos” el os complete con “Benvidas minas a ceo aberto, cianuro nos acuíferos, montes de entullo”.

Os escritores negros, tamén chamados fantasmas, non son mal símbolo do papel que o PP lle reserva á nosa cultura e en xeral a Galicia: morta, negra ou fantasma, unha política hoxe triunfante contra a que Rosalía combateu hai 150 anos. A asimilación da autora polos seus inimigos, coma hai 20 anos a de Castelao polo fascista Fraga Iribarne, lémbra-nos que criticar estas manobras está ben, pero cada tempo debe facer o seu combate. ♡

idea repítese, case parece unha tese.

Moitos pensariades que o prólogo llo escribiu un negro, eu tamén o penso, pero estas liñas de discurso de campaña métenme a dúbida, e veñen dicir que Rosalía foi a profeta do noso polígrafo redentor. Rosalía hoxe faría o paseo amosando os dentes entre os comendadores do Albariño ou introduciría a Feijóo nos mitíns: de poeta a prologuista, xente de letras. Mira-

de senón estas frases. “O ano da primeira edición marca un antes e un despois para o noso universo simbólico”, ou “Coa reedición do poemario manifestamos o noso dezo de continuidade desta lectura colectiva”. O ghebo comparte dezo e universo simbólico coa Rosalía que no libro pide “*Galiza, non debes chamarte nunca española*”. Voulle contestar por ela cunha das coplas: “*Non che teño medo, moucho;/moucho, non*

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Goretti Sanmartín Rei
Imaxe: SG

*Daquelas que cantan as pombas y as frores
todos din que teñen alma de muller,
pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
Ay!, de que a terei?*

Traemos aquí estes versos como exemplo da consciencia rosaliana a respecto das súas transgresións. Rosalía coñece a súa función como escritora no medio dun movemento colectivo de recuperación lingüística. Os seus textos transmiten as sutís distincións existentes entre persoas usuarias do galego e público receptor da súa obra, como ben indicou ao afirmar aquilo de que "As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estes versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo para eles". Recoñece así formar parte dun movemento de orixe (semi)urbana, por moito que denunciase a situación das clases populares. Rosalía e os seus contemporáneos dirixense ás persoas ilustradas, a unha elite intelectual, para tentar movelas cara a unha identificación co país. Poderíamos sinalar que este público receptor está conformado por persoas que tiñan o galego como lingua próxima, quer por seren criadas nela, quer por percibíreno no seu contorno e mesmo podéreno utilizar ocasionalmente.

Rosalía planifica perfectamente. Non están no centro do seu horizonte inmediato de recepción as clases populares, que xa empregan espontaneamente o galego nin as persoas que o atacan. Están esoutras que, pola súa instrución, mais tamén pola súa orixe e/ou relación directa cos espazos de uso cotián do galego, poden contribuír a unha mudanza de actitudes e a prestixiar, cando menos literariamente, "o noso dialecto".

A maneira de defender a patria é, desde a súa primeira obra e inequivocamente, a través da lingua: "Has de cantar": "Canta, si queres, / na lingua que eu falo" [...] "Cantarte hei, Galicia / na lingua gallega, / consolo dos males, / alivio das penas". Eis unha declaración de intencións a través do canto, que podemos identificar perfectamente coa lingua. A transcendente idea da necesidade de cantar (e de cantar en lingua galega), de falar, de se expresar aparece máis veces, de xeito simbólico, ao longo das composicións de Cantares gallegos. Existe unha constante presenza da expresión como instrumento de construción e de autoafirmación.

A intencionalidade colectiva que subxace nos seus poemas ("Así mo pediron / na beira do mare") acompáñase coa escolla de abordar o seu reto desde as pequenas cousas, dando voz a "todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é digno de ser cantado". A reivindicación da modestia como punto de inicio aparente fica explícita novamente no último poema, onde tamén se observa a enerxía e a soltura adquirida tras a viaxe poética, que posúe ta-

A ruptura de paradigmas na obra de Rosalía



mén unha relectura (sociolingüística).

Eu cantar, cantar, cantei, / a gracia non era moita, / que nunca (delo me pesa) / fun eu meniña graciosa. / Cantei como mal sabía / dándolle reviravoltas, / cal fan aqués que non saben / directamente unha cousa. / Pero dempois paseniño, / i un pouco máis alto agora, / fun botando as miñas cántigas / como quen non quer a cousa.

[...] Non me espriqueei cal quixera / pois son de espricansa pouca, / si gracia en cantar non

teño / o amor da patria me afoga.

Rosalía non pretende conciliar ámbitos de uso, acrecentalos, xustapoñelos; ela non quere unicamente elevar o galego ao ámbito do público e prestixial. A súa intención última reside en romper –e/ou fusionar, o que é máis interesante, ao unir maxistralmente o individual e o colectivo– coas esferas do público e do privado. Neste mesmo eixo temos que situar o seu afán de superar a dicotomía clásica entre progreso e sentimento, entre obxectividade e

subxectividade, na procura do que denominariamos modernamente unha ollada desde a interseccionalidade. A súa perspectiva parte da indagación nas pequenas cousas, desde unha aparente humildade que daría cabida a cantar o privado, na aposta por uns valores estéticos e lingüísticos baseados no popular, mais tentando transcendelos. Na construción do imaxinario colectivo serán as escollas paisaxísticas as que ofrezan, metonimicamente, un todo global da Galiza. E a unión de lingua e paisaxe é central nos Cantares.

A maneira de defender a patria é, desde a súa primeira obra e inequivocamente, a través da lingua

Rosalía opta por unha análise parcial e localizada, situando a raíz do problema nun nivel que procura a responsabilidade social ao tempo que comove as consciencias. O seu discurso rupturista é evidente en moitos dos seus versos, mais quizais sexan estes, os tan malentendidos e deostados de "Castellanos de Castilla", os que fagan explícita a través do canto a autoafirmación e a construción que discorre, case sen nos decatarmos, dun eu a un nós a través da descrición positiva da natureza que nos rodea:

Pero máis val que enmudesa, / pois tes condición de ingrata, / que predicar en deserto / da miña terra n'é usanza. / Si fun curpabre en quereros / coma ningún vos amara, / por ser de terra gallega / e serdes vós castellana, / en paz, señora, vos deixo / ca vosa soberba gracia, / e voume á Galicia hermosa / donde en xuntanza me agardan / o que no tendes, señora, / i o que en Castilla n'achara: / campiños de lindas rosas, / fontañas de frescas auguas, / sombra na beira dos ríos, / sol nas alegres montañas, / caras que nacen sorrindo / e que sorrindo vos aman, / e que inda mesmo morrendo / en sorrisiñas se bañan. / Alí, señora, contento / cantando o doce ala lala, / baixo a figueira frondosa, / en baixo da verde parra, / c'aquelas frescas meniñas / que mel dos seus labios manan, / cando en falar amoroso / meigo nos din en voz maina / con tódalas de Castilla / nobrísimas castellanas / olvidareivos sin pena, / anque sós vos tan fidalga.

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



César Morán
Imaxe: SG

Rosalía ou o engado da palabra


Pedíuseme que falase das posibilidades didácticas dos Cantares, ou mesmo sobre os textos musicados, e en todo caso salientar o meu primeiro contacto coa obra rosaliana. E eu, que gosto de coller o fío da palabra, quería actualizar aquilo de "Así mo pediron / na beira do mar, / ó pé das ondiñas / que veñen e van". Posibilidades didácticas? Todas! Son moitos anos a explicar nas aulas este libro emblemático, especialmente cando se dedicaba o terceiro curso de bacharelato ao estudo da literatura. Agora, cando os novos planos educativos amosan cada vez maior desprezo pola literatura como alimento vital e fonte de coñecemento, é o momento de afirmarmos o seu valor, e é aquí onde a obra de Rosalía, convertida nun símbolo mesmo para os galegos que non a leron, constitúe un referente material e ideolóxico que substitúe a realidade até se identificar con ela para a defender, transcender e nos dar a forza e o alento no longo camiño.

Lembro como abala no tempo unha velada de colexio de fins dos sesenta. Era un rexo edificio de pedra onde mal podían entrar os estrondos do "maio" francés ou os ecos das revoltas en Compostela. Naquel espazo intramuros non só era para nós imperceptíbel a abafante ditadura de posguerra, senón que tamén estaba ausente a mesma realidade lingüística da contorna, a non ser polas mulleres que viñan traballar ás cociñas co seu falar tan estraño e tan vulgar, onde era rechamante o seseio e uns sons guturais que a nosa ignorancia non daba interpretado. Así é que naquel mundo fechado, inserto nos viñedos e próximo da ría, a lingua non era outra que a de Castela, de onde proviña boa parte dos centos de rapaces que ateigaban o internado. Naquela velada, digo, que era un acontecer habitual no estudantado adolescente, irrompeu unha voz no fondo do cenario:

"-Adiós, ríos; adiós, fontes; / adiós, regatos pequenos; / adiós, vista dos meus ollos; / non sei cándo nos veremos".

VIAXE SEN RETORNO

Na atmosfera enevoadada de luces esvaídas emerxía o personaxe do drama: levaba un paraugas e unha mala de cartón. Abalaba na escena cunha expresividade nunca vista. O auditorio ficara nun silencio abraiante e o resoar da voz era unha forza telúrica: "Mais son probe e, imal pecado!, / a miña terra n'é miña, / que hastra lle



dan de prestado / a beira por que camiña / ó que naceu desdichado". Agora, nesta altura, ben se me debuxa na memoria a figura do actor. Era un home do país, que alternaba tarefas educativas co cuidado da horta e outros mandados. Tamén nos

ensaiara un coro de cantigas tradicionais como a "Foliada de Carril". Chamábanlle don Luís, tiña o sotaque marcado e era moi respeitoso con todo o que facía. Eu, abeirado acarón das bambolinas, ficaba preso no engado da palabra sen saber que

iniciaba talvez unha viaxe sen retorno: "-Non me olvides, queridiña, / si morro de soidás... / Tantas légoas mar adentro... / ¡Miña casiña!, imeu lar!".

Se cadra aqueles versos xa os coñecía de antes, mais foi entón cando os gardei na memoria, e é por iso que os podo transmitir aos alumnos nas aulas. Moitos anos despois aprendín o significado do libro: o momento crucial da nosa historia, a consciencia da voz e o realismo do seu prólogo, así como a fluencia do verso que denota unha moza enérxica, diná-

Quen quixer
musicar os
poemas de
Rosalía non ten
máis que seguir
o ritmo dos seus
versos, porque
todo é musical

mica e dotada do maior arrouto para a improvisación. Quen quixer musicar os poemas de Rosalía non ten máis que seguir o ritmo dos seus versos, porque todo é musical. E non apenas na "Alborada" (poema 35) se atén a autora antes que nada ao tempo da música, pois algo semellante fai en "Miña Santiña, / Miña Santasa" (5), "Acolá enriba / na fresca montaña" (14), "¿Qué ten o mozo?" (27) ou "-Ven-te, rapasa" (30).

Cantares gallegos, primeira e grande obra prima da nosa historia, debe ser lida e comentada nas aulas tamén polo seu valor narrativo (toda unha arquitectura polifónica), pola presenza de elementos simbólicos que haberá despois en Follas novas ("Duro cravo me encravaches / con ese teu maldesir" (2), pola audacia na crítica social e a denuncia da opresión individual e colectiva, e pola enorme riqueza da linguaxe, unha fonte inesgotábel onde bebermos, máxime nun tempo en que o galego se empobrece con textos pensados para o ensino desde fóra do idioma, coa merma progresiva do seu ser máis auténtico. [2](#)

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.




Laura Tato
Imaxe: SG

Sobre a produción crítica no 150 aniversario dos Cantares gallegos

Celebrarmos os fitos da historia da literatura galega e dos/as seus/súas autores/as é unha magnífica desculpa para volvermos ás grandes obras e revisarmos os estudos críticos sobre elas. No ano 2010 cumpríronse 125 anos do nacemento de Rosalía de Castro e as asociacións culturais de base celebraron o evento; a publicación feminista *A festa da palabra silenciada* dedicou o número anual, o 26, a actualizar Rosalía; o Premio en Ciencias Sociais era gañado polo ensaio *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro. ensaio e feminismo* (2010), de M^a Pilar García Negro e, ademais, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega asumía a publicación, actualizada e ampliada, da que foi inicialmente tese de doutoramento de Francisco Rodríguez e hoxe é a monumental obra *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)* (2011). A pesar de que daquela, en 2010, o mundo oficial non homenaxeou a escritora, algo debeu abalar o mundo académico, porque desde entón se sucederon os estudos e publicacións sobre a súa obra, e podemos citar como exemplo *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro* (2012), de Helena González e María do Cebreiro.

Este ano de 2013 conmemoramos 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*, libro inaugural da etapa que coñecemos como Primeiro Renacemento da Literatura Galega, e para esta ocasión o Consello da Cultura organizou o Congreso Internacional *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, que se prolongou durante cinco días, repartidos ao longo de cinco meses, entre febreiro e xuño, e onde interviñeron máis de sesenta especialistas. Aínda que as súas intervencións están xa na Mediateca, cando se publiquen as Actas poderemos comparar os seus traballos cos do Congreso Internacional de *Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* celebrado tamén en Santiago de Compostela en 1985, que o servizo de publicacións da entidade acaba de poñer en edición dixital e gratuita a disposición do público. Mentres iso non acontece, temos os suplementos literarios onde, como este para o que estou a escribir, se foron publicando ao longo do ano múltiples contribucións sobre os *Cantares* e a súa autora. Aínda non se pode facer balance de todo o dito e escrito, mais podemos comparar o coñecemento, e sobre todo a idea,



que tiña o estudantado dos anos 90 do século pasado sobre Rosalía de Castro, cos do estudantado de hoxe, que ten como mestres e profesores os que daquela estaban no seu lugar nas aulas.

Agora xa non circulan os tópicos da santa e intuitiva ignorante, e ninguén se atrevería a explicar Rosalía de Castro sen falar de feminismo e rebeldía, sen ter en

conta a súa vontade férrea da ser escritora e non precisamente de pombas e flores. Porén, non é fácil trasladar a xente moza ao século XIX e facerlle entender a transcendencia dos debates ideolóxicos sobre a estrutura do novo Estado, e as repercusións económicas, sociais e políticas que tería para Galiza que se impuxese un modelo ou o outro. Cando se logra isto, é doado explicar que *Cantares gallegos* foi concibido como un instrumento ao servizo dun move-

Ninguén se atrevería a explicar Rosalía de Castro sen falar de feminismo e rebeldía

mento ideolóxico que tiña como obxecto último a dignificación do pobo galego e da súa lingua. Un instrumento que ao ser deseñado, e construído, por unha poeta excepcional alcanzou unha calidade artística universal. Disto, da estrutura do poemario, da razón do seu título, da revolta e ousadía que significou na súa época, da ilusión e a esperanza con que foi escrito, mais tamén de como e por quen foi manipulada a memoria da autora fálase nun libro

que xa podemos comentar porque está nas librarías, o volume titulado *Cantares gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro* (2013), de M^a Pilar García Negro. Convídevos a lelo, mentres esperamos que se publique todo o escrito e dito durante este ano sobre Rosalía (mesmo nos congresos que se están a celebrar en Barcelona mentres escribo isto) para poderemos facer un balance concluínte. [📖](#)

Cantares Gallegos foi concibido como un instrumento ao servizo dun movemento ideolóxico

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Marga do Val
Ilustración: Emilio Mauri
(Santa Margarida)

Da dependencia do san Antonio á liberdade de Santa Margarida

Cantares Gallegos atravesou e acompañou o devalar do século XX, abalouno. Maduramos negando unha imaxe e unha lectura da obra rosaliana que a facía submisiva, triste e santa, que ocultaba a súa rebeldía. Enchémola de cores. A par descubrimos país e lingua e asumiamos a nosa identidade. Crecemos contra un discurso, contra o patriarcado, para nos incluír como "suxeitas activas" socialmente, transgredindo. Protestando, si, para facer visíbel unha lingua que nos inclúa, que muda como mudamos nós, herdeiras da transgresión necesaria.

Hai unha necesidade urxente de traducir a obra de Rosalía de Castro de darlle ese pulo, tamén á nosa autoestima como pobo.

Esa alborada que esperta, alegría coa que remata *Cantares*, é un estoupido de festa, que sempre remata cunha bomba e nós mulleres somos as convocadas para o baile. Sempre algo que renova e anova a lectura, o mundo privado levado ao público. Confeso que a grandiosidade de *Follas Novas* ocupou tanto os meus afectos e obsesión literaria que non reparara en tantas mensaxes que xa estaban en *Cantares*, non gozara tanto da súa lectura como nestes últimos tempos, iso que me confeso unha lectora da obra rosaliana recorrente e insistente, tamén da súa prosa, tan descoñecida. *Cantares Gallegos* agardaba para ser lida por puro gozo, sen pensar en aspectos pedagóxicos e didácticos, afastada de academicismos, xa cos anos afeita ao asombro que o seu prólogo me segue a provocar, agora gozar da destreza, da música e da palabra, afondar nas mensaxes -hai tantas-, ser, en definitiva, "unha rapaciña do lugar".

A RELIXIÓN NA OBRA ROSALIANA

Nesta última lectura detíveme na presenza da relixión e na relixiosidade na obra, o tema merece un estudo máis amplo. "Ai, virxe da Paloma! Fagan o seu. Son varias as ocasións en que se invocan no texto santas como mostra desa relixiosidade que impregna o discurso social aparentemente inocente, por exemplo a Santa Mariña ou a Santa Lucía nese diálogo entre a vella esmoleira e a meniña que desexa: "correr mundo/ por ser como vós sabida", ou a Santa Asunción da que se despide o malcopado do poema "Adios ríos, adios fontes". Estamos no privado cando as santas se convierten en auténticas personaxes, por exemplo cando lemos o diálogo retranqueiro entre a costureiriña e a Santa, do poema número cinco, ben pode ser unha desas santas que aínda andan en rolda polas casas e á que algunha costureiriña, que eu sei, lle pendurou colar e pendentes, que é o que non vai facer a moza do poema, por



non aprenderlle a "puntear", vencedora ela nesta disputa, fronte a unha santa transmisora do discurso patriarcal que condena a muller a coser "buratos e furados", pola perda do "dedal", a continuar na lama se se naceu nela, mais de ningunha das maneiras lle é permitido emporcar a honra, aínda que se naceu na seda. Segue o tapiz da Romaría da Barca, un canto á beleza das mulleres que acoden á festa, unha posta en valor, fronte á imaxe coas que fóra son representadas (unha das intencións da obra, como se le no prólogo). A santa é o motivo

da festa. Chegamos ao poema da moza que lle pide un mozo a San Antonio, entramos no máis privado do privado, un desexo para sobrevivir. E hai quen non o colle á primeira, quen non ten retranca e non é capaz de ver a crítica á situación da dependencia "social" da muller do matrimonio, que a mantén atada, nunha sociedade que non lle ofrece camiños para a igualdade. Hai quen non é capaz de ver nunha vítima da miseria unha exclusión social maior que sabe que "sempre é bo ter un home para un remedio". Hai quen non ve hoxe, como si o fixo Rosalía

hai cento cincuenta anos, esta dependencia contra a que hai que loitar cada día; abonda lembrarmos esa terríbel imaxe que ofrecía hai só uns anos, unha nena (nada que ver coa de *Cantares*) cantando, "Antes muerta que sensilla", mentres a sociedade aplaudía a gracia (e o discurso); ou hai uns días a publicación dun libro co título de *Cásate y sé sumisa*. Precisa retranca rosaliana!

Cantares Gallegos agardaba para ser lida por puro gozo, sen pensar en aspectos pedagóxicos e didácticos

Moito chama a atención o poema número vinte, en que aparece diante dos ollos de Rosa que está á espreita unha virxe nai que aleita un neno que choraba, na ausencia da nai real. Unha (re)volta dálle a autora ás cantigas de milagres marianas, pois fronte a ese ser que "mantén as formigas/ e os paxariños sustenta", fronte a ilusión (visión) relixiosa non hai máis verdade que a da "pobre nai" que corre. No poema número 31 nesa festa que rebenta feliz entre mozos e mozas, coa participación do señor e da señora, á que Marica non foi, a "Nosa Señora" participa ao seu xeito, ironía da autora, detrás do tonel.

Xa para rematar con esta proposta de lectura máis piadosa, detéñome no poema número trinta e tres, dedicado a "Miña Santa Margarida". Léano, gocen da loanza á dama, no vocabulario e nas imaxes creadas, nunha primeira parte, para renderse nos desexos de "amor puro", da liberdade fronte a submisión do matrimonio, fronte á imaxe do San Antonio das mozas. Reparen nese locus amoenus, lonxe do mundo. Lembren agora a beleza, o éxtase do eu feminino, noutra composición diante da imaxe de Santa Escolástica da mesma autora. Gocen, lean o poema a Santa Margarida como o que é unha auténtica cantiga de amor en convivencia coa tradición popular. Rosalía de Castro moito nos di cos seus *Cantares gallegos* no século XXI.

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Suso de Toro
Imaxe: SG

Rosalía, soa

Teño que confesar unha especie de afevoramento por Rosalía. De certo que non nace da lectura e do estudo sistemático da súa obra, nin sequera tampouco da súa vida; penso que é suscitado porque obra e vida de Rosalía sonme atractivamente vitais. Foi unha literata de acción, a súa obra en galego é un acto político de afirmación galega e o conxunto da súa obra é un acto de afirmación político das mulleres (feminista, é). E a suma de todo é a afirmación da súa existencia persoal. Ela tivo coidado abondo de que o seu paso polo mundo non fose ignorado e non fose en van. Todos os seus actos vitais foron contundentes e audaces. A audacia foi unha das musas da escritora, tivo outras. Rosalía non foi melancólica no sentido de que non foi a nota dominante do seu carácter, pode haber melancolía nunha obra de moitos rexistros, porén penso que o trazo máis evidente da súa personalidade foi ser unha indignada, unha irada.

A admiración lévame a preguntar pola orixe desa súa radicalidade e belixerancia que fai que se mantéña sempre nova, mesmo por en baixo de afogantes cobertores de mistificación con que a quixeron cubrir a cotío, e á forza vou parar á orixe, á infancia. A súa vezosa afirmación existencial coído que nace dos seus primeiros anos e do seu nacemento mesmo que, como é sabido, foron ocultados, negados. A súa vida destemida toda ela vai ser unha resposta, unha afirmación da súa existencia fronte a esa negación primeira e fundacional. Foi unha moza arriscada na súa conduta pretendendo ser actriz, viaxando a Madrid, procurando publicar un libro, preñando antes de casar... E a súa obra ultrapasando tabús ideolóxicos, ben a afirmación galega en relación coa Castela e a España, ben a súa loita por ser escritora respectada malia os prexuízos patriarcais dominantes, ben a exposición ao público das súas perturbacións anímicas e do seu cepticismo ou desesperación relixiosa... Rosalía cuestiona

Todos os seus actos vitais foron contundentes e audaces. A audacia foi unha das musas da escritora

Rosalía cuestiona todo o establecido. E de onde lle vén esa liberdade persoal para facelo?

todo o establecido. E de onde lle vén esa liberdade persoal para facelo?

Acho que lle vén de ser "distinta", diferente, da súa soedade. Rosalía foi criada primeiro entre campesiñas, porén era de familia fidalga e posteriormente pasou a ser educada como tal. Aquela escritora que se transformou poeticamente no seu primeiro libro na "meniña gaiteira", cando era máis ela? Cando era a dona burguesa en sociedade ou cando se remitía á meniña aldeá que fora nos seus primeiros anos. A súa orixe, froito do pecado, da transgresión, fíxoa transgresora. E o ocultamento e a negación primeira fixeron dela unha desclasada social.

Ao cabo, na fin dos seus días, aquel feixe de nervos morreu rodeada dos seus fillos e entre criadas, entre campesiñas, nas mesmas terras onde oíra os primeiros sons e as primeiras falas. A forza toda de Rosalía veulle desa inestabilidade psíquica e do seu desclasamento social. E dun espírito indómito que non fixo dela a cínica senón fera.

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Francisco X. Barreiro Carracedo.
Profesor no IES Antón Losada
Diéguez, A Estrada

Cantares gallegos no nacemento do sistema literario galego

Nos prólogos dos seus libros Rosalía explicita a intencionalidade da súa obra coa conciencia plena do que representa na altura para un país que, en contexto de mudanzas sociais, se atopa escravizado, sen lideranza nen conciencia propia. No prólogo de *Cantares gallegos*, sacada a xustificada *captatio benevolentiae* polo seu atrevemento de moza, muller e galega, caracteriza unha literatura nacional que actúe como reforzo patriótico para un país desprezado. No de Follas novas identifícase como a poeta nacional que, após un éxito de recepción, se retroalimenta no recoñecemento do seu pobo: *"O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra na nosa lingua, e pagar en certo modo o aprezo e cariño que os Cantares gallegos espertaron nalgúns entusiastas... escrito no doce dialecto do país, era naquel entón cousa nova, e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono, e o que é máis, aceptárono contentos, e eu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro e o último"*. Ficaba demostrada e lexitimada, así e para a posteridade, a necesidade de que Galiza se dotase dunha literatura nacional por canto xa era asumida como propia polos seus concidadáns.

O acerto dos Cantares en suplir esta carencia e o seu carácter fundacional sintetízao nunha intensa imaxe final: *"Non era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado"*. Asistimos deste xeito, expresado pola principal responsable, ao nacemento dun sistema literario, que sinteticamente se pode caracterizar, daquela a hoxe, como interrupto e anémico.

ROSALÍA COMO SÍMBOLO

A conmemoración dos *Cantares Gallegos* colleunos, pois, interesados en afondar na súa recepción e interiorización colectivas polo que, como traballo de aula, redactamos e pasamos un cuestionario a unha mostra que tentamos fose representativa. Sintetizamos algunha das tendencias que entendemos máis significativas.

Considérase unanimemente que Rosalía simboliza a literatura galega xustificándose pola súa divulgación, tamén internacional, por calidade, por ser a primeira e ser muller, e, tocando ao contido, pola intensidade con que expresou a epopea migratoria contemporánea. Foi nesta medida que a metade dos enquisados consideraron necesario afondar máis no seu coñecemento.

Na conformación do canon literario galego á par dela aparecen, da súa época, Pondal e Curros; do primeiro terzo do século XX, Cabanillas, Risco, Otero e, sobre todo, Castelao; ao longo do século, Cunqueiro, Celso Emilio, Neira Vilas, Manuel María e Ferrín, expresando a vitalidade do sistema, os contemporáneos



Manolo Rivas, Fina Casalderrei ou Lois Pereiro. Aparecen tamén a Pardo Bazán, Cela e Valle-Inclán, feito que, aínda que quixemos relacionar con xeracións que non tendo aulas de galego no ensino só recibiran clases de español, non puidemos, de xeito que aínda escribindo en castelán, a procedencia, temática ou estilo, poden achegar á literatura galega.

Para a divulgación e coñecemento da obra, os menores de 50 anos (xa alumnos de galego) conceden maior importancia á escola, aparecendo en posición tamén destacada a familia. Na xeración dos 50 divúlgase tamén a través da música. A partir dos 50, familia e presenza social (homenaxes, charlas, medios e libros), reforzando a dimensión de literatura nacional, foron os que transmitiron o seu coñecemento suplindo os obstáculos impostos na vía académica ou institucional.

A pesar de que só o 37% diga ter algún libro de Rosalía (algo maioritariamente relacionado co ensino), o 77% dos enquisados pode acompañar a evocación do nome de Rosalía con algún verso, estrofa ou fragmento de poema. A metade lembran *"Adeus ríos, adeus fontes"* (ditos en galego), o 20%, *"Negra sombra"*, o 10%, *"Campanas de Bastabales"* e o 5% *"Este vaise e*

Asistimos ao nacemento dun sistema literario, que sinteticamente se pode caracterizar, daquela a hoxe, como interrupto e anémico

aquele vaise" de *"Pra a Habana"*. Un dato curioso que vén a reforzar a función social da obra é que son emigrantes retornados de Europa os que lembran fragmentos máis longos dos seus poemas. Citado en varias ocasións aparece *"A xustiza pola man"* o que permite entrever que a súa recepción superou estereotipos, tanto é así que nos valores asociados á súa obra aparecen por cima da humilda-

de, pobreza, dozura ou morriña, outros como loita, xustiza, amor á terra, defensa de Galiza ou feminismo. Tamén é significativo que, con diferentes expresións, se valore que na súa obra, contextualizada en Galiza, se expresan brillantemente universais literarios como o amor, soidade, dignidade, inxustiza, emigración ou dignificación da muller, ponderando nalgún caso, por isto mesmo, a súa validez universal.

Finalmente vemos a debilidade do noso sistema literario, precisamente no que respecta á parte académica, institucional e dos medios de comunicación, cando cara a fin de ano só un 31% teña coñecemento de que se celebrou o 150 aniversario de *Cantares gallegos* e un 9% declare ter asistido a algún acto conmemorativo. Así o 70% considera que debe divulgarse máis a súa obra apuntando precisamente que deben ser os medios de comunicación, a radio e a televisión, os que o fagan. Como dato positivo que afirma a dimensión de poeta nacional, o 24% afirma ter visitado nalgún momento a súa Casa-museo, destes a metade foi en visitas familiares, case a metade por iniciativa propia e (curioso por acaso) só o 5% foi en visitas escolares.

150 ANOS DE CANTARES GALLEGOS



Este texto forma parte do proxecto Análise e divulgación de Cantares Gallegos, promovido pola Sociedade Cultural Medulio e patrocinado pola Deputación da Coruña.



Aurora López e Andrés Pociña
Imaxen: SG

Cantares Gallegos: luces e sombras en 150 anos

Cando vai rematando esta serie de traballos publicados en *Sermos Galiza* co gallo do sesquicentenario de *Cantares gallegos*, unha persoa que queremos moito pídenos que falemos sobre como foron as celebracións do acontecemento (publicacións, congresos, actos institucionais, actos de base popular, cds...), ou quizais mellor algo sobre os principais libros rosalianos publicados nos últimos anos, ou... Espírito xeneroso, o invitante resume á fin: "En todo caso, o que queirades facer". E a nós gustaríanos falar un pouco de todo.

Como foi o ano polo que toca a celebracións? Polo que podemos seguir nós, sempre lonxe, houbo moitas, mais non todas as que eran precisas, e de valor moi desigual. A celebración principal debería ser o Congreso Intern. "Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada", organizado polo Consello da Cultura Galega, en Santiago, en cinco xornadas de febreiro a xuño, unha por mes, con moita movida informática. A idea era boa, pero os resultados están por ver. A informática non funcionou ben abondo, e o que non funcionou de ningún xeito foi repartir as defensas das supostas novas visións sobre *Cantares* en sesións illadas por completo, polo tanto con a penas intercomunicación dos e das participantes. Xa veremos os resultados. Vanse parecer en algo aos tres volumes do Congreso Int. do Centenario da morte de Rosalía, que tanto significaron no avance da investigación sobre a escritora? Por razón de espazo, evitamos outros comentarios.

Non pasou en silencio a celebración. A Academia Galega, a Fundación Rosalía de Castro, as Universidades... tiveron os seus actos, entre eles, salientamos o Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, cunha moi axeitada interpretación de *Cantares*, reafirmándose "na nosa reivindicación da recuperación dun status máis xusto, equitativo e equilibrado para o galego". Organizáronse recitais de poemas do libro en multitude de escolas e institutos todo ao longo de Galiza. Editáronse novas cancións compostas sobre poemas de Rosalía; dalgunhas delas falouse por miúdo nestas páxinas rosalianas de *Sermos Galiza*.

TRES NOVAS EDICIÓNS

Houbo tamén libros novos. María Pilar García Negro sacou un comentario para entender *Cantares* en Ed. Alvarellos; o Centro Ramón Piñeiro dedicou os seus Cadernos núm. XXVI a "Rosalía na cobiza do lonxe", un colectivo interesante, etc. Pero sobre todo, houbo tres edicións de *Cantares gallegos*: El Patito Editorial, de Santiago, ofreceu o vol. II da súa Rosalía ilustrada, un libro fermoso, elegante, con preciosas ilustracións de Pepe Barro; mágoa que o texto fose tomado dunha pésima edi-

ción. Xerais presenta como primeira entrega dun proxecto de edición da obra completa de Rosalía un volume de *Cantares* realizado con moito coidado, notas e longos comentarios por Anxo Angueira, que precisa un xuízo máis longo do que podemos facer aquí, por último, a Xunta, o Parlamento e o Consello son responsábeis dunha nova edición facsimile (había xa varias outras) dos *Cantares* de 1863, caendo na desafortunada pexa de principala polo que non debían, tres curtas notiñas de políticos, a primeira delas do Presidente da Xunta: no núm. 71 de *Sermos Galiza* Xurxo Borrazás fixo unha crítica desta edición que subscribimos enteira, e preguntamos: tan serias institucións non podían ter tomado como modelo a ed. facsimilar feita polo Concello de Vigo en 1985? Por último, e quizais sexa a achega máis conmemorativa: o libro inaugural da etapa moderna da nosa lingua foi publicado, completo, en ruso, na Universidade de San Petersburgo, baixo a dirección de Elena Zernova.

Celebrouse, xa que logo, o sesquicentenario do primeiro libro galego de Rosalía. Máis dunha voz dixo que por fin se acabou co mito da poeta. Cousas! Non se trata de rachar co mito de Rosalía: hai moito que o dixera, e moi ben, Carvalho Calero: "Quéirase ou non, o pobo galego mitificou a Rosalía, fíxoa símbolo da alma colectiva, rendeulle un culto espontáneo". Se-

"Sería terríbel renegarmos dese mito, para sustituílo por outro; o que se trata é de desarticular para sempre a mixtificación de Rosalía"

ría terríbel renegarmos dese mito, para sustituílo por outro; o que se trata é de desarticular para sempre a mixtificación de Rosalía, máis produto da crítica -daqueles críticos e críticas da Poeta aos que March cualifica de lobishomes, e Carvalho de zumezugas. Este ano saíron á rúa en tropel e se publicaron e dixeron moitas cousiñas, sen aparato bibliográfico ningún: auténticos disparates. Xa falaremos diso polo miúdo.



Nestes 150 anos o estudo de Rosalía acadou cumes importantes: imos resumilos (só algún exemplo: ninguén se sinta relegado) en toda unha vida de investigación, a de Ricardo Carvalho Calero; en un libro exemplar, *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (1988, 2011) de Francisco Rodríguez; unha Bibliografía crítica como poucos escritores ou escritoras do mundo enteiro teñen (1990-1993). Emporiso, como se atopa hoxe a intención obviamente revolucionaria de Rosalía contida no libro *Cantares gallegos*? É por fin o galego a lingua desta terra, como quería a poeta: *Cantart'ei, Galicia / Na lingua gallega, / Consolo dos males, Alivio das penas*? Cúmrese, dentro e fóra, a visión desta terra como demanda Rosalía nas últimas palabras do prólogo do libro que celebramos: ... *se vexa c'o respeto e admiración merecidas esta infortunada Galicia!* Cómpre ler outra volta *Cantares gallegos*, outra máis, a ver se dunha vez por todas se entende esta excepcional reivindicación dunha lingua e dunha nación.

Con este texto da autoría de Aurora López e Andrés Pociña concluímos esta xeira de colaboracións que nos últimos meses viñemos publicando arredor do 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*.

A FONDO

Caderno de análise.
Quinta-feira, 19 de decembro de 2013 • Número 48

SERMOS GALIZA



Rosalía Castro de Murguía

ROSALÍA DE CASTRO, A LIBERACIÓN DAS TEBRAS

Este ano cumpríronse 150 anos da publicación de *Cantares gallegos* (1863). *Sermos Galiza* non escatimou esforzos para celebrar como se merecía esta efeméride, contando para iso coas análises e valoracións de dúcias de rosalianos e rosalianas do noso país e do exterior. Todas as semanas, durante medio ano, foron aparecendo, nunha sección *ad hoc*, as súas lecturas, apreciacións ou informacións sobre este libro auroral da nosa literatura e sobre aspectos rechamantes ou interesantes en relación con Rosalía como muller, escritora e galega consciente. Este *A Fondo* non é máis que outro mergullo no mundo rosaliano, *un manancial de agua pura*, onde saciar a nosa sede de coñecemento, de fermosura, esperanza e orientación como galegos e galegas de nación nunha situación crítica. Foto e autógrafo de Rosalía dos tempos de *Cantares Gallegos*

Este suplemento fai parte do proxecto sobre
Cantares gallegos promovido pola SC Medulio
e patrocinado pola Deputación da Coruña.



O proxecto cultural rosaliano

Parace a todas luces desafortunado colocar un fenómeno estético e ideolóxico da envergadura de Rosalía baixo o rótulo *provincialismo*. Resultaría máis apropiado referirse a nacionalismo cultural e ideolóxico ou mesmo prenationalismo, fenómeno que se produce na segunda metade do século XIX, practicamente en todas as nacións sen Estado da Europa. De non facelo así, corremos o risco de desfigurar e minorar a intención e a tendencia de proxectos, obras e condutas que foron vangarda e fito, tanto na manifestación ideolóxica como na cultural e estética. Sen unha mentalidade e unha vontade nacionais non son explicábeis. Sería un despiste de perspectiva histórica considerar que non hai nacionalismo até que non existe un partido ou organización política nacionalista. Non o haberá no terreo da política organizada, pero si no terreo da ideoloxía, da cultura e da actitude psicolóxica, da mentalidade

Desde logo Rosalía, en compañía de Murguía, intentou executar un proxecto cultural galego, fundamentado nunha ideoloxía nacionalista. Comprometeuse en levalo a cabo a través dos seguintes elementos:



Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, dúas alternativas culturais e ideolóxicas antitéticas para Galiza.

1 Influencia e participación nun mundo editorial e xornalístico galego como base para a educación da opinión pública a favor da autoestima, do coñecemento do país e da súa defensa fronte aos aldraxes de que é vítima, a comezar a súa lingua, a súa historia e a súa personalidade colectiva popular (editores, Compañel, Eduardo Chao, Soto Freire, Alejandro Chao...; xornais, *La Oliva*, *El Miño*, *Galicia*, *revista universal de este reino*, *El Clamor de Galicia*, *Almanaques*, *La Ilustración Gallega y Asturiana*...). Non se esqueza que isto se fai xusto no momento no que a prensa comeza a ter un papel principal na conformación dunha opinión pública que está premida para se autoconsiderar de nación española, de lingua española e de cultura española.

2 Restauración dunha literatura nacional en lingua galega co afán por abranguer todo tipo de xéneros, rexistros, temas e formatos, libro, xornais, revistas. Inicia Rosalía a tarefa cunha alegación patriótica, *Cantares gallegos*, que contrasta cos catecismos representados polas colectáneas de cantares, en primeiro lugar, os de Antonio Trueba, auténtico vademecum de formación do espírito nacional español, baixo patrocinio da raíña Isabel II de España. *Cantares Gallegos* non está inspirado en Trueba para nada, pero si está, en parte, provocado polos seus *Cantares*, como a súa antítese nacional, moral, estética, filosófica e de intención. Escribir ensaio, narrativa, poesía popular e filosófica, teatro, oratoria entraba no horizonte práctico rosaliano e deixounos bos exemplos, naturalmente lóstregos de grande calidade, nalgúns casos, malia seren escasos, en relación coa súa obra de escritora profesional en español.

3 Estruturación dunha rede social en base a amigos, correligionarios, coñecidos, simpatizantes, na Galiza, no Estado español e na América, como forma de contar con axentes para lograr subscricións para os seus libros, especialmente os que tiñan un marcado, sinalado e manifesto papel reivindicativo de Galiza, do noso pobo ou da capacidade da nosa lingua. Tan é así que *Cantares* foi editado por subscrición previa, uns cantos centos, menos de 500, e enviado aos lugares máis recónditos. Foi un éxito de crítica madrileña, non sen os reparos ideolóxicos de rigor, grazas aos correligionarios demócratas de Murguía, pero o seu impacto inicial foi pequeno dentro. Habería que esperar á 2ª edición en libro (1872) para falarmos de impacto, máis na emigración que no interior. Comprender como foi contemplado

o fenómeno rosaliano no seu tempo sitúanos no terreo da dificultade, da animosidade, da hostilidade. Así viviu Rosalía o seu esforzo. O papel da emigración foi chave na popularización de Rosalía á longa, foi quen a fixo inevitábel. Velaí por que é unha escritora coñecida (escoitada) moi parcialmente máis que lida integralmente no seu tempo histórico e aínda hoxe.

As dificultades para o proxecto cultural de Rosalía e de Murguía agraváronse sensibelmente unha vez estourada a revolución do 1868, e sobre todo após o golpe de Estado que conduce á Restauración da monarquía borbónica (1875). Na experiencia revolucionaria, tanto como na posterior represión restauradora, as posicións culturais do matrimonio Murguía-Rosalía acabaron por seren sospeitosas pola súa orientación ou tendencia. O seu nacionalismo cultural e ideolóxico non prende socialmente nin se estendeu ao campo directamente político (o propio Murguía foi xa desde o inicio da Revolución do 68 afastado de toda posibilidade de ser deputado polos seus correligionarios progresistas). As dificultades para a publicación de *Follas Novas*, libro preparado desde 1872 e non editado até 1880, demostran os obstáculos para o proxecto de restauración dunha literatura nacional, o progresivo enfraquecemento dunha base organizada como rede social e o illamento dos demócratas que incorporaban como parte substancial da súa ideoloxía a cuestión galega.

PATRIA E PATRIOTISMO


Dito todo isto, habería que preguntarse que adxectivo definiría mellor a conciencia ideolóxica rosaliana, tal e como ela a vivía e sentía, en relación coa súa consideración de Galiza. Non era a palabra nacionalista unha palabra de uso entón para falar do dereito dos pobos, das nacións sen Estado, á soberanía nacional. Falábase do dereito de nacionalidade ou de soberanía. A palabra nación desde as Cortes de Cádiz tiña entrada de forma abafante e esmagadora a formar parte do imaxinario a construír para fundamentar un Estado español que se considerase como nación única, España, unha ferramenta criada polo centralismo, a burocracia, o poder político para lexitimar a existencia dunha única fonte de soberanía, a do pobo español. No momento de progresiva consolidación da mutación semántica desta palabra, Rosalía prefería o termo *patria* e o seu derivado *patriotismo*. En parte, tiña parecidos problemas, pero zumegaba maior carga sentimental e facía referencia ao lugar de procedencia da estirpe ou de identificación, de protección e amparo, con dereitos e deberes. Fíxose, é certo, con esta palabra, tamén o reduccionismo conveniente: a patria pequena ou o lugar da familia, dos proxenitores, da terra de nacemento Mais Rosalía nunca fixo esta redución nin moito menos identificou nunca a súa patria con España: foi unívoca e unidireccional, identificándoa sempre nos seus labios coa Galiza, nun proceso ininterrompido, que non tivo fisuras nos momentos de maior derrota do seu proxecto e das súas esperanzas. Mais ben foi máis forte e afouto, irrenunciábel, na desgraza e na derrota. Deste xeito, un libro de vocación autobiográfica manifesta e de ollada retrospectiva como *En las orillas del Sar* é tamén fundamentalmente patriótico. Resulta telúrico na súa identificación con esta concepción, sendo á vez un manancial de experiencia humana e por iso toda unha revolución estética e formal, como o foran tamén os seus poemarios en galego.

Por Francisco Rodríguez
Escritor e crítico literario
É o coordinador deste A Fondo

O panorama que atopaban as poucas mulleres que tiñan acceso aos medios de difusión cultural na Galiza do S. XIX era desolador. Vemos, por exemplo, que en 1857, na recién promulgada Ley Moyano, deixábase claro que as nenas eran "futuras trabaxadoras domésticas", polo que non precisaban nocións nin de xeometría, nin debuxo, nin física nin historia... Podemos lembrar un exemplo que nos resulta moi revelador: nunha revista coruñesa, *El Ateneo*, comeza a publicarse neste 1857 un acoso debate entre o catedrático de inglés D. Antonio García Fuertes e o Dr. D. Ramón Pérez Costales (o futuro Dr. Moragas de novelas de E. Pardo Bazán). O primeiro titula a súa intervención: "¿Es la educación de la mujer uno de los elementos necesarios para la prosperidad de una nación?" e conclúe que unha muller instruída é mellor compañeira e posibilita criar fillos máis intelixentes. Polo tanto, si, é bo para a nación contar con mulleres instruídas. O Dr. Costales apóiase, na súa resposta, en "evidencias fisiológicas" como "un sistema nervioso cuyas fibras son tan impresionables", ou que "encuentra mucha más dificultad para mantener a raya sus impulsos", para concluir que "el cultivo y estudio de las ciencias no está en armonía ni con la organización de la mujer ni con el objeto final que la naturaleza se impuso al crearla". Non é pois, raro, que as mulleres, escasas, que se ocupan de cultivar a súa mente sexan "flores marchitas, temperamentos degenerados y expuestas a los males de nervios, a las afecciones convulsivas". De entre a case dúcia de intervinientes neste debate nin un só apoiou a teoría de García Fuertes...

Con este panorama é case insólito que haxa "atrevidas" que ousen dar á luz algunha súa composición. Mais acontece que arredor de 1850 comezan a non ser completamente estrañas as aparicións de textos asinados por mulleres na prensa periódica. Temos así a Emilia Calé y Torres de Quintero (1837-1908) quen colabora en prensa (chega incluso a manexar un pseudónimo para asinar breves prosas, "Esperanza") e publica varios volumes: *Horas de inspiración*, *Lazos rotos*, *Crepusculares*, *Cuadros sociales*... que tratan temas como a exaltación relixiosa, o retrato costumista, a defensa da muller (sempre admitindo a súa "natural" subordinación ao home)... Virginia Felicia Auber Noya (1821-1897) asina con regularidade nunha das máis duradoiras e prestixiosas cabeceiras da época: *Galicia, revista universal de este reino*. As súas aportacións son ensaios católico-moralizantes e defende en moitas ocasións o dereito das mulleres á instrución; Narcisca Pérez Reoyo (1849-1876) publica *Cantos de la infancia* en 1865, unha colectánea de poemas de corte bucólico prologada por Manuel Murguía quen na altura xa gozaba dunha gran reputación como crítico literario. Foi chamada "el hada cristiana" e recibiu varios premios; Clara Corral Aller (1847-1908) foi (que saibamos) a segunda muller en escribir en galego (logo de Rosalía de Castro) neste s. XIX. Os seus poemas na nosa lingua publicounos Murguía en *La Ilustración gallega y asturiana*. Tamén deu ao prelo un volume lírico, *A Herminia*; Filomena Dato Muruais (1856-1926) é a terceira autora da que conservamos obra en galego, sendo, ademais, a máis laureada de todo o seu século co seu verso popular e de temática relixiosa... Caso á parte é o de Avelina Valladares, fecunda poeta (desgrazadamente conservamos pouco da súa obra) e irmá de Marcial Valladares, quen, en 1858, asina en *La exposición compostelana* unha carta onde reflexiona sobre a conveniencia ou non de determinados cultivos para o noso campo.

As que cantaban ás pombas e ás frores



<<A súa intención: denunciar a inxustiza que se comete con Galiza e coa súa lingua e pór en evidencia os seus maltratadores>>

As anteriores son escritoras que participaron conscientemente no nacente sistema literario galego. Mais non podemos deixar de mencionar dúas autoras que, se ben nadas galegas, quixeron intervir no consolidado sistema literario español, polo que as súas aparicións en prensa galega non son máis que reflexo do seu prestixio capitalino: Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán. A primeira publica, por exemplo, unha elexía adicada a unha filántropa na *Galicia, Revista universal* de este reino en 1861, contando xa co aval dun reputado prestixio como xurista e xornalista a nivel europeo. A Condessa de Pardo Bazán (1851-1921) publica, que saibamos, o seu primeiro texto en 1864 en *El Progreso* de Pontevedra. Con 13 anos, no breve relato "Un matrimonio del s. XIX" recomenda que o mellor para as parellas fuxiren da "disipación" é traballaren. A súa exitosa carreira non fai máis que comezar...

TRES VECES LIBRE

Deixando atrás outros nomes cheguemos xa a Rosalía de Castro. Presentouse en sociedade cun volume que a insería na mesma tradición que as súas contemporáneas: *La Flor* (1857). Só un ano máis tarde, con 21 anos, comezamos a ver que Rosalía é algo distinto: publica o pequeno ensaio "Lieders" onde fai afirmacións como "Libre es mi corazón, libre mi alma y libre mi pensamiento" ou "¡Oh, mujer! [...] ¿Por qué los hombres derraman sobre ti la inmundicia de sus excesos?..." Esta reivindicación feminista, *avant la lettre*, continuamos a aprezala nas súas seguintes obras: *La hija del mar* (1859) e *Flavio* (1861).

E chegamos ao 1863, ano en que publica o poemario elexiaco *A mi madre* e no que, logo dos seus primeiros poemas en galego no *Album de la caridad*, ve a luz *Cantares Gallegos*. No prólogo explica a súa intención: denunciar a inxustiza que se comete con Galiza e coa súa lingua e pór en evidencia os seus maltratadores. E todo baixo a aparencia de "inocentes" poemas populares... Estamos, pois, ante a primeira obra íntegra e conscientemente en galego do s. XIX que amosa unha clara vontade de participar no proceso de normalización da escrita culta na nosa lingua, polo que será considerada obra inaugural do que posteriormente se chamou Rexurdimento da literatura galega. Lembremos, por exemplo, que neste 1863 Emilia Calé publicaba un poema relixioso chamado "A la Anunciación" e Virginia Auber ensaios morais como "Discordia doméstica" ou "Libro de memorias de una mujer sensata y buena". Xa temos falado do rompedor que resulta *Cantares* desde o punto de vista do emprego da lingua e dos temas tratados, mais en canto nos fixamos no que estaban a tratar as poucas mulleres que se atrevían a expresar as súas inquietudes culturais máis se nos aparece Rosalía como figura autónoma, rebelde e, sobre todo, nova e diferente.

Por Celia Armas García
Profesora de Literatura galega

4 EN PROFUNDIDADE

Unha Rosalía e dúas penélopes

Dende hai xa anos abondo, a figura de Rosalía é analizada, por fortuna cada vez con máis frecuencia e profundidade, como pioneira nas nosas letras do reflexo e reivindicación dunha preocupación e defensa da muller nas pautas de principios feministas, ás veces considerados por algúns e algunhas como impensábeis nas datas en que escribiu, malia seren comprobábeis sen dúbida algunha na súa escrita en prosa e en verso. Non imos entrar outra vez nesa teima, porque non temos espazo, e porque aí están tantos traballos dos últimos trinta anos que demostran unha profunda reflexión da nosa poeta sobre a desigual consideración da muller ao longo dos tempos, e dende logo no seu, o que a empurra a unha constante defensa da muller, sobre todo da galega nos castigados eidos rural e mariñeiro.

Esa Rosalía de principios e de escrita feminista áchase xa presente en *Cantares gallegos*, a obra que lembramos decote neste sesquicentenario da súa publicación; pero nós ímola recordar por medio do exemplo contundente de dous poemas seus, un galego e outro castelán, que teñen de común alicerce o mito de Penélope. O galego é "Tecín soya á miña tea", pertencente ao libro *Follas novas* (1880), e o castelán trátase de "Desde los cuatro puntos cardinales", do poemario *En las orillas del Sar* (1884). Son dúas reescrituras do mito de Penélope na superficie sumamente distintas, pero no miolo e na intención moi semellantes. No primeiro deles, Rosalía non lembra Penélope polo seu nome, pero transfere os lóxicos sentimentos de soidade e abandono da raíña homérica a unha humilde labrega cuxo home ti vo que emigrar, sen dúbida a América, para gañar a subsistencia; en linguaxe sinxela e directa, a queixa pola ausencia do compañeiro comeza pola soidade radical, que implica o feito de ter que enfrontar soa todos os traballos que permiten a vida día a día, principiando curiosamente polo que reflicte mellor o recordo de Penélope, o tecido. Son duras tarefas, nas que mesmo falta a man dun compañeiro para axudarlle a cargar na cabeza ou a pousar a pesada sella ou un feixe de quen sabe que carga, cousas das que se queixa e que máis dun tradutor alleo por completo á vida do rural galego ten traducido por auténticas parvadas que circulan en libros aínda á venda. Duras tarefas, si, pero o que pesa máis que ningunha outra cousa sobre esta muller forte é a soidade e a angustia de non saber seguramente que pasou co seu home, onde se atopa, se é que se atopa algures. Por suposto unha campesiña, pobre, sen cultura, con toda probabilidade analfabeta, non pensa na posibilidade que se lle ofrecía por exemplo á Penélope das *Heroidas* de Ovidio de escribirlle unha carta ao home ausente; e velaí que se refuxia no recurso, tan poético coma inútil, de preguntar por el a unha andoriña viaxeira. Semella parvo dicir que esta tan conmovedora como fermosa composición, incluída no libro quinto de *Follas novas*, titulado "As viudas



Foto familiar na Matanza no verán de 1884.

<<Esa Rosalía de principios e de escrita feminista áchase xa presente en *Cantares gallegos*>>

dos vivos e as viudas dos mortos", pon ante os nosos ollos unha forte denuncia da terrible situación da muller galega en tempos da poeta, sendo boa mostra da poesía socialmente reivindicativa e feminista de Rosalía.

Tecín soya á miña tea, / sembrey soya o meu nabal, / soya vou por leña ó monte, / soya á vexo arder n'o lar: / Nin n'a fonte nin n'o prado, / asi morra c'o á carrax, / el non ha de virm' á erguer, / el xa non me pousará. / ¡Que tristeza! O vento soa, / canta ó grilo ó seu compás... / Ferbe o pote... mais, meu caldo, / soíña t'hey de ceir. [...] O meu homiño perdeuse, / ninguén sabe en onde vay... / Anduriña que pasache / con él as ondas d'o mar, / anduriña, voa, voa, / ven e dime en ond'está.

CREADORA AUTÓNOMA

Moi diferente é o enfoque do mito no poema de Orillas; neste caso, o eu-poético que parangona a súa situación coa da raíña mítica abandonada non é unha labrega pobre, senón a propia Rosalía, que nos ofrece un sorprendente poema no que, comezando por unha loanza sincera e enérxica dos que se entregan en corpo e alma ás duras tarefas do estudio científico, remata sen embargo cunha protesta aberta e contundente da súa propia relegación nun ámbito galego marxinal e illado. Neste poema, de rechamante modernidade de termos en conta que foi escrito antes de 1884 (vede xa Franco Grande, *Grial*, 1968), e sobre o que pensamos que son precisas novas lecturas máis meditadas, Carmen Blanco (1998) salienta unha Penélope-Rosalía creadora autónoma da súa propia existencia; esta nova Penélope non espera por Ulises, e segue ela soa a facer e desfacer a tea da súa existencia. É a "estranxeira na súa patria" (a que soa agora isto?) que debe viaxar fora de si, non esperando nada de ninguén, movendo soa a tea do seu tear. Estamos a un século aínda do berro "Eu tamén navegar!" da Penélope de Xohana Torres, e xa temos, nidia como un día de sol, unha Rosalía de principios feministas, cando pensa e escribe

doutras mulleres, e cando pensa e escribe dela mesma: unha Rosalía e dúas Penélopes. Lembramos só o remate do poema:

Pero yo en el rincón más escondido / y también más hermoso de la tierra, / sin esperar a Ulises, / que el nuestro ha naufragado en la tormenta, / semejante a Penélope / tejo y destejo sin cesar mi tela, / pensando que ésta es del destino humano / la incansable tarea, / y que ahora subiendo, ahora bajando, / unas veces con luz y otras a ciegas, / cumplimos nuestros días y llegamos / más tarde o más temprano a la ribera.

Aurora López, catedrática da Universidade de Granada e concertista
Andrés Pociña, catedrático da Universidade de Granada e escritor

Son poucas as obras ou poesías que Rosalía de Castro dedicou expresamente. Todas elas, porén, significativas ao máximo. Das que aparecen en *Cantares gallegos* ocupáronos axiña. Deixemos constancia telegráfica das outras. A súa primeira novela, *La hija del mar* (1859), leva esta dedicatoria: A Manuel Murguía. A ti que eres la persona á quien mas amo, te dedico este libro, cariñoso recuerdo de algunos dias de felicidad que como yo querrás recordar siempre. Juzgando tu corazón por el mío, creo que es la mejor ofrenda que puede presentarte tu esposa. LA AUTORA.

Follas novas (1880) inclúe un decisivo texto inicial en que a escritora dedica a obra á "Sociedade de Beneficencia dos naturais de Galicia na Habana" que contén -para alén do agradecemento por esta sociedade escoller o nome da escritora para se chamar a si propia- unha declaración definitiva, metaliteraria, verbo da obra primeira e primicial, os *Cantares... un libro* -di Rosalía- *que foi tamén o esaltado fruto de amor ó noso país*. Non nos pasará inadvertido que a escritora asine este envío (datado no 23 de Febreiro de 1880) como *Rosalía Castro de Murguía. Socia honoraria da Sociedade de Beneficencia dos naturais de Galicia na Habana*: a esta altura da súa vida, cinco anos antes de falecer, é o único título que pode ostentar, o recoñecemento afectivo-patriótico dos seus compatriotas emigrados, que contrasta dolorosa e clamorosamente cos silencios do interior do país. No conxunto de toda a obra, o único poema dedicado é o consagrado a Sir John Moore, no libro III, "Varia": *Na tomba do xeneral inglés Sir John Moore. Morto na batalla de Elviña (Coruña) o 16 de Xaneiro de 1809. Á miña amiga María Bertorini, nativa do país de Gales. Coruña, 1871*.

MULLER, NOVELISTA, PAÍS

Vaiamos, pois, coas dedicatorias de *Cantares...* O libro iníciase con esta:

A Fernán Caballero. Señora. Por ser mujer y autora de unas novelas hacia las cuales siento la más profunda simpatía, dedico a usted este pequeño libro. Sirva él para demostrar a la autora de La Gaviota y de Clemencia el grande aprecio que le profeso, entre otras cosas, por haberse apartado algún tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones con que se pretende manchar mi país. Santiago, 17 de mayo de 1863. Rosalía Castro de Murguía. Salientemos as tres *mots-clé*: muller, novelista, país. Con efecto, a escritora andaluza-alemá tiña publicadas, en 1849 e 1852, respectivamente, as dúas novelas que menciona a galega e pasa por ser a inauguradora da novela realista española. Foi, de por parte, Bouza Brei o primeiro en situar e comentar o libro de viaxes en que ela, en excursión por varios lugares da Galiza, realiza comentarios benévolos sobre as nosas paisaxes e xentes, en aberto contraste co proverbial menosprezo e deosto dos seus colegas españois, clásicos e contemporáneos. Rosalía, pois, destaca a excepción sobre a norma, sen caer en adulación servil. Ora, na carta que Fernán Caballero envía á nosa escritora, datada en Xaneiro de 1864 (comentada por X. L. Axeitos neste mesmo semanariol e onde dá conta da recepción do libro e agradece ser a súa dedicataria, non deixa de anotar que lle parece "injusto la injusticia de que V. se queja": tamén os andaluces son obxecto de oprobio literario... Ben se ve o que molesta que alguén tome a palabra e a pluma para defender os galegos! Nunha carta a Murguía, sen data coñecida, Rosalía escribirá: *Fernán Caballero se porta efectivamente como una plebeya, pero se lo perdono*.

No interior da obra, son dous os poemas dedicados. O XVI na edición príncipe (XVIII, na 2ª de 1872) ao Sr. D. Camilo Álvarez e Castro, *Chantre da catedral de Salamanca*. Anotemos dous pormenores da maior importancia: este señor, en carta a Murguía, inclúe unha directa a Rosalía, esta en galego, aquela en español; en segundo lugar, o poema eleito pola escritora ("Roxiña cal sol dourado") é, na súa feitura (septinas), homenaxe

As dedicatorias de *Cantares Gallegos*



Camilo Álvarez e Castro, chantre da Catedral de Salamanca.

<<A escritora, pois, é pioneira na aplicación do galego a todas as modalidades literarias>>

implícita a un clásico como Camões, que usa a estrofe nunha súa canción, como Carvalho Calero recorda, mais este formato clásico, para maior ruptura, vai servir á apoloxía da montañesa, doida polo repudio das xentes da ribeira, ao que, porén, se arrepción digna: *Anque che son da montaña, / anque che son montañesa, / anque che son, non me pesa*. O poema é unha preciosa cantiga de amor dedicada á moza. Apontemos que P. A. de Alarcón (*Dos días en Salamanca, 1877*) gaba extraordinariamente a hospitalidade e xenerosidade deste dignatario eclesiástico galego, por moito que, para variar, reincida na coñecida repulsión anti-galega, cando comenta que "la provincia de Salamanca forma ya parte de aquel triángulo Noroeste de nuestra España por

donde no se va a ninguna parte". Faltaría máis! mal existe o Atlántico!

O outro poema (XXIII na 1ª ed.; XXV, na 2ª) é o coñecido como Conto de Vidal: *A Roberto Robert, redactor da Discusión, a quen lle gustan os contos i o gallego*. O poema, en 39 oitavas reais, é un prodixio de narración en verso e informa ás claras, como a autora explica en nota a rodapé, do uso do galego para este xénero literario, acreditado xa na escrita do seu "Conto gallego", de 1864, como, igualmente, na prosa ensaística, dos seus prólogos a *Cantares...* e a *Follas novas*. A escritora, pois, é pioneira na aplicación do galego a todas as modalidades literarias. Non é a súa vontade a que estiñou a fonte: foron os condicionantes político-editoriais, non outros que os que demoraron a publicación da súa segunda obra galega oito anos polo menos. Robert Robert (1830-1873), amigo de Rosalía e de Murguía, foi xornalista e escritor catalán; dous anos preso; militante do Partido Democrático; deputado por Manresa (1869); nomeado embaixador da República en Suíza (1873), cargo que xa non puido ocupar; tradutor de Proudhon, Bastiat, Reclus e Schopenhauer.

En resumo igualmente telegráfico: as dedicatorias de Rosalía de Castro son elocuentes ao máximo: das súas amizades; adscrición ideolóxica; compromiso patriótico; entorno social; vontade indeclinábel da defensa da Galiza e da súa especificidade.

Por María Pilar García Negro
Profesora da UDC e escritora

1865: *Cantares gallegos* en Boston

Neste ano 2013, no que se cumpren cento cincuenta da publicación de *Cantares gallegos*, reflexionamos, unha vez máis, sobre as circunstancias, tan arriscadas, da publicación deste libro que nos constrúe, que nos (re)constrúe, como galegos. A vulgarmos pola súa relativa escaseza –é un libro infrecuente no mercado anticuario e ausente nalgunhas grandes bibliotecas–, a tiraxe debeu de ser curta. Economicamente, o éxito era incerto, polo cal o editor, Juan Compañel, traballou, fundamentalmente, por subscrición. Coñecermos os nomes dos subscritores e dos compradores dunha obra tan singular constituiría un interesante documento sociolóxico.


Xa que logo, reviste caracteres de noticia atoparmos exemplares dun libro para nós tan significativo nos fondos das institucións que se sitúan como referencia no sistema bibliotecario mundial. Unha delas é a Boston Public Library, que posúe unha importante colección de literatura española e portuguesa, a que doou á súa cidade o hispanista George Ticknor (1791-1871). Así queda de manifesto no *Catalogue of the Spanish library and of the Portuguese books bequeathed by George Ticknor to the Boston Public Library...*, responsabilidade de J. Lyman Whitney (1879; reed., 1970?), en cuxa páxina 67 lemos: "Castro de Murguía, Rosalía. *Cantares gallegos*. Vigo. J. Compañel. 1863. XIV, (1), 186, (2) pp. Sm. 8º... D.150 b.43".

George Ticknor foi un burgués de Boston que dedicou aos libros a súa longa e feliz vida. Profesor de linguas modernas no Harvard College, Ticknor escribiu unha célebre e pioneira *Historia da literatura española* (1849), cuxa redacción se desenvolveu a medida que medraba a súa biblioteca. Enriba da súa mesa de traballo, Ticknor tiña sempre un exemplar da súa *Historia*, no que tomaba notas para corrixir e ampliar o seu caudal de información (a terceira edición, corrixida e aumentada, data, precisamente, de 1863). Ticknor consultaba sempre os textos nas edicións orixinais. A esa honradez intelectual, a ese amor de coleccionista, debe a cidade de Boston tan magnífica colección.


Ticknor visita Europa en tres ocasións, 1815-19, 1835-38 e 1856-57. Os Diarios da súa primeira e segunda viaxe, que ocupan preto de 2.000 páxinas, deixan de manifesto que Ticknor non só reúne libros, senón relacións intelectuais. En efecto, parece non existir personalidade vencellada ás Letras á que Ticknor non coñeza e trate. Lord Byron, Goethe, Schlegel, Humboldt, Madame de Staël, Chateaubriand, Walter Scott, Southey, Wordsworth, Manzoni, o Duque de Rivas... En Madrid, en 1818, comeza a formación da súa extraordinaria biblioteca, que continúa a distancia, de volta nos Estados Unidos, coa axuda de varios amigos, como Alexander Hill Everett, Washington Irving e, sobre todo, o español Pascual de Gayangos. Terminada a súa etapa como profesor (1819-1835), Ticknor dedica moitas horas á organización da Boston Public Library, e é el, o selecto bibliófilo, quen pon o acento na dimensión pública da institución.

AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

Léndonos na *Historia da literatura española* de Ticknor, comprobamos que o autor dedica atención ao feito, para el extraordinario, de que Afonso X escolla o galego como lingua vehicular das *Cantigas de Santa María*. Cita o hispanista a carta do marqués de Santillana ao condestable de Portugal, e acrecenta que lle parece imposible determinar a razón pola cal o monarca empregou este "dialecto particular para esta forma particular de poesía, cando tiña, como sabemos, un admirable coñecemento do castelán". Cavila Ticknor que, sendo o pai, Fernando III, do norte, quizais a súa primeira edu-



Pascual Gayangos e Barro Wiffen.



<<Preguntámonos como chega ao bibliófilo estadounidense, que vive en Boston, xa retirado, a noticia da publicación de *Cantares gallegos*>>

cación puido inspirar a Afonso afección por esta lingua, ou, con máis probabilidade –segue a matinar Ticknor–, existiu algunha cousa na lingua mesma, na súa orixe e gravidade, que o fixo, nunha época na que ningunha lingua obtivera en España unha supremacía recoñecida, considerar aquela máis axeitada ás materias relixiosas ca o castelán ou o valenciano.

Con tales presupostos, preguntámonos como chega ao bibliófilo estadounidense, que vive en Boston, xa retirado, a noticia da publicación de *Cantares gallegos*. A resposta atopámola no epistolario de Ticknor a Pascual de Gayangos, obrante na Hispanic Society of America

(Nova York), e publicado por este organismo en 1927. Gayangos, experto bibliógrafo, que vivira en Inglaterra e dominaba a lingua inglesa, foi unha das persoas que máis contribuíu a conformar a colección Ticknor. El procuraba e enviaba aos Estados Unidos os libros e manuscritos que Ticknor precisaba. Nunha carta datada en Boston o 10 de novembro de 1865, Ticknor remite a Gayangos esta desiderata: "I enclose you a little bill on the Barings, London, for Ten Pounds Sterling, and I shall be thankful, when it is quite convenient for you to think of such small affairs, to receive from you: [...] 5. *Cantares Gallegos* por Rosalía Castro de Murguía. Vigo, Establecemento de D. J. Carnuel [sic] 12 mo. 1863. much commended to me by my old Quaker friend B. B. Wiffen".

Así pois, foi Benjamin Barron Wiffen (1794-1867) quen encareceu a Ticknor a lectura dos *Cantares gallegos*. Como sabemos, o estudoso cuáquero B. B. Wiffen, bo coñecedor da historia e da literatura españolas, é autor, entre outras obras, de *Life and writings of Juan de Valdés* (1865), e editor, con Luis Usoz Río (1805-1865), de varios volumes de *Reformistas españoles*. Daquela, parécenos probable que a inicial recomendación partise de Usoz, xa que este erudito bibliófilo, importador clandestino de libros protestantes e mentor de Wiffen no terreo dos estudos hispánicos, foi outro dos felices propietarios dun exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos*, que hoxe se conserva na Biblioteca Nacional de Madrid.

Fermosa e estimulante historia a deste exemplar de *Cantares gallegos*, que amosa como, desde o momento mesmo da súa publicación, hai cento cincuenta anos, a obra de Rosalía de Castro espertou o interese dalgúns heterodoxos, que, como Luis Usoz e B. B. Wiffen, fixeron circular a nova na súa rede de relacións.

Por María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda
Profesora e investigadora

É xa hora de analisarmos xustamente a obra de Rosalía. Se callar isto parecerá unha ollada trasnoitada, ou un comentario dalguén recén chegado á autora de Padrón, for pola poesía, for pola prosa dela. Mais non vai por aí. Tamén non vai polas razóns individuais que vos ofrecen a miúdo: por ser ela escritora en galego, por ser literata (muller atrevida a exercer no eido das letras) nin por ser ela protogaleguista.

Porque Rosalía de Castro non se pode clasificar segundo un só destes riscos. Van sempre e irrefutabelmente xuntos os tres: xénero, nación, lingua. Xuntos e con o mesmo paso, quer dicir, no mesmo nivel de importancia. É imposible separarmos as tres facetas desta vida e obra que, empregando a palabra, loitaba contra o que vivía e sofía, como muller e como galega consciente de que Galiza non era nin debía chamar-se espanhola. E isto nun intre en que poucos o proclamaban en voz tan alta.

Até aquí, cecais non teñamos dito nada que pareza orixinal. Mais a nosa intención é subliñar con forza aquela indivisibilidade tripartita do pensamento rosalián, porque achamos que representa un triplo núcleo ou eixo da vida e obra dela. É polo mesmo nó que cómpre entendermos a poesía en galego e a novela en castelán. En ambos os dous xéneros e ambas as dúas linguas a autora produciu obras comprometidas con Galiza e con as súas mulleres, con o pobo galego e contra a clase explotadora. Con a literatura e con a tradición oral. O verso axuda a comprendermos a prosa e às avesas. É por iso que agora é preciso estudar e ler as novelas - malia estaren estas escritas en castelán - porque sen a prosa non poderemos entender tan ben as viúvas dos vivos nin os rezos a Santo Antonio nin a xustiza que se aplica pola man (e polo corazón).

UNHA VISIONARIA

Nas novelas a autora situaba as protagonistas en cenarios nos que tiñan que se defenderen do egoísmo masculino dese tempo. Na poesía e na prosa atopamos a crítica da sociedade de clases e precapitalista. E na novela hai condena da sociedade podre que precisaba ceibar-se dos pensamentos da aristocracia que viñan ser unha ideoloxía morta, tan morta coma o Romantismo que antes se cría que era o estilo rosalián. Romantismo e sentimentalismo, no senso fraco dos termos. Por ser ela muller. Do XIX. E galega.

Mais Rosalía non era espontánea, criadora inconsciente; era visionaria. Mesmo diríamos que a súa visión, capacidade analítica e valor eran tan grandes que superaban a comprensión do público lector que lle tocara vivir. O papel que ela exerce na Galiza e na cultura e política galega aínda hoxe é proba da súa xenialidade. Non doutro xeito poderemos comprendermos como chega a obra dela até todos os currunchos e habitantes da súa terra, un século e meio despois de *Cantares Gallegos*. Non é que Galiza non teña outros escritores e escritoras, nin moit@s feministas. Mais o que lle dá vida plena aínda hoxe é a verdade dos temas e atitudes nas que Rosalía baseaba as súas obras - malia a lingua na que foren publicadas.

Xente hai que quer atribuír todo á anomalía dela, ao ser ela un caso excepcional, e outra xente que admite certo talento. Mais cremos que é preciso sinalarmos a *vontade transgresora* de Rosalía, von-

Xunt@s e na xusta rebelión



<<Sen Galiza ela non tería identidade, posto que española non era...>>

tade que atopamos nas literatas de moitas linguas e moitos países. É máis: comezamos a ver que ela insería-se completa e inegabelmente nunha comunidade feminina que cría na capacidade intelectual do seu sexo e no seu dereito a exercer o oficio, exprimindo moitas veces o inconformismo.

Por ende, podemos continuar a salientar a galeguedade rosaliá, mais sen esquecermos o seu aspecto internacional e de solidariedade. For por pura visión e intuición, for polos estudos, leituras e conversas, Rosalía sabía que a literatura servía para comunicar ideas sociais de fondo. E que as mulleres tamén servían para face-lo. Xa o dixera o Padre Feijóo, quen escribe na "Defensa de las mujeres", no seu *Teatro crítico universal*: "No pasó siglo a quien no hayan ennoblecido mujeres valerosas". Xa o viveran Rosa Bonheur, George Sand, Maria Susana Cummins, Fan-

ny Fern, Harriet Beecher Stowe e, dende logo, Mary Wollstonecraft e Margaret Fuller. (Non esquezamos que Fuller, sonada autora de *Woman in the Nineteenth Century*, como Esperanza, a filla do mar, morrería afogada perto da costa.) Xa o debuxaría Castelao, lembrando-nos do crego de Beiro, Basilio Alvarez, e outras figuras non convencionais.

Tamén Rosalía sabía que había pexas, pola lingua ou polo sexo, e atopou xeitos de esvaeecer o silencio. Era brillante lectora da teoría da recepción da literatura e tamén coñecía a literatura, a que era boa e a que era ruín. Defendía e dignificaba o país galego porque sen Galiza ela non tería identidade, posto que española non era... Sabía que a solidariedade e a forza, o abrenuncio, eran fundamentais para o pobo sobrevivir. E dixo-no-lo aos lectores claramente. Os non entendidos eramos nós.

Se nós, @s lector@s do século XXI, nos enfatamiñamos da radicalidade rosaliá, será preciso recoñecer-mo-lo como tributo á mestría e coñecementos desta autora que non cesa. E que continúa a aprendermos como era o seu tempo para que nos fortaleamos neste tempo que tanta paciencia, ou mellor dito loita, está-nos a esixir. E que teñamos o mesmo valor para berrar como ela.

Por Kathleen N. March
Catedrática da Universidade
de Maine (USA) e escritora

CONCLUSIÓN



Cemiterio de Adina onde foi soterrada Rosalía.



San Domingos: mausoleo construído, con diñeiro da emigración, para trasladar os seus restos mortais o 25 de maio de 1891 desde Adina, non sen graves conflitos, en particular co Arcebispado de Santiago.

Rosalía como escritora expresa un forte espírito renovador das formas literarias e dános acceso a mundos até entón inusitados, unha verdadeira revelación. Para lectores e lectoras da nosa época é aínda unha fonte de sorpresas. Só achegándonos a ela, sen os prexuízos e os lentes deformadores que a encubriron e encobren aínda, estaremos en disposición de nos decatar do seu altísimo valor, do moito que aínda nos ten que revelar. O esforzo por restaurar a súa verdadeira personalidade, a súa actitude social, e a orientación ou tendencia real da súa escrita, comeza a dar os seus froitos. Que esta progresiva liberación das tebras que a escurecían sexa tamén un sintoma de os galegos e galegas optarmos polo camiño de nos recoñecer como un pobo con dignidade e con dereito ao futuro. Simplemente o que Rosalía desexaba con ardor.



Estatua da Ferradura: inaugurada o 30 de xullo de 1917, co protagonismo da representación do Goberno de España e para lexitimación "rexionalista" do bipartidismo caciquil.



SER2OS GALIZA